

*PLAN PARA A DINAMIZACIÓN
DEMOGRÁFICA DE GALICIA
2013-2016, HORIZONTE 2020*

ÍNDICE

1. Necesidade do Plan

- 1.1. A tendencia demográfica actual: marco conceptual e contexto
- 1.2. A realidade demográfica de Galicia
- 1.3. Pertinencia do Plan
- 1.4. Iniciativas, información e documentación de apoio ao Plan

2. O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020

- 2.1. Principios reitores do Plan
- 2.2. Estrutura xeral do Plan
- 2.3. Obxectivos e áreas de intervención
- 2.4. Actuacións do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013- 2016, horizonte 2020

3. Sistema de seguimento e avaliación do Plan

ANEXOS.

- Anexo 1. Departamentos administrativos e entidades de referencia
- Anexo 2. Referencias normativas e documentais

1

NECESIDADE DO PLAN

1 / A TENDENCIA DEMOGRÁFICA ACTUAL: MARCO CONCEPTUAL E CONTEXTO

MARCO CONCEPTUAL

A ESTRATEXIA POLÍTICA DA UNIÓN EUROPEA

**ESTADÍSTICAS E TENDENCIAS DEMOGRÁFICAS:
ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA**

Marco conceptual

As previsións dun continuado decrecemento poboacional galego, do conxuntode España e do conxunto de Europa, en xeral, sinalan un horizonte demográfico preocupante que nos sitúa ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar. Co propósito de actuar ante esta situación de maneira eficaz, sostible e coordinada, xurde e ponse en marcha o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

Así, mentres a poboación europea rexistra unha evolución positiva nos últimos anos, a súa estrutura de idade estase a inverter. O **envellecemento da poboación** é un dos indicadores que mellor representan a transformación demográfica que ven afectando a Galicia e ao conxunto de Europa nas últimas décadas. Un indicador que ten o aspecto positivo de confirmar que a poboación conta, cada vez, con maior esperanza de vida, pero que confirma tamén que descende a natalidade.

Neste punto, expertos/as en demografía falan xa de **inverno demográfico**, para indicar que a fecundidade está a diminuír moi por debaixo do nivel de substitución da poboación. A taxa do recambio xeracional establece que, como mínimo, se rexistren 2,1 fillos/as por muller para asegurar o relevo xeracional. Como veremos máis adiante nin en Galicia nin no conxunto de Europa se logra alcanzar a taxa mínima do recambio xeracional.

Esta **transformación demográfica** esta relacionada con diferentes **cambios sociais e económicos** como son: o retroceso da idade da primeira maternidade, o aumento do número de separacións, o aumento das familias que carecen de ingresos estables, o incremento da esperanza de vida, o aumento do número de persoas maiores en situación de dependencia ou a diminución do número de familias extensas e o incremento das familias “nucleares”, entre outros.

Todos eles son cambios que, ao igual que as súas consecuencias, están a ser seguidos moi de preto polas autoridades políticas da Unión europea e tamén pola Xunta de Galicia ao impulsar este Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

As tendencias demográficas teñen un valor estratéxico fundamental para definir políticas nos ámbitos económico, social e cultural.

Especialmente, cando se observa que a **revitalización demográfica** é urxente e imprescindible, tendo en conta que dela vai depender a sostibilidade demográfica, socioeconómica, sociocultural de Galicia. O capital humano é o máis importante para un territorio, é o motor do seu desenvolvemento.

Nesta esfera, as familias nas súas diversas modalidades representan un eixo central porque son protagonistas e, ao mesmo tempo, están directamente afectadas pola evolución económica e social.

En liña co que establece a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia

de Galicia, o Plan recoñece a **familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa**, e, en liña co artigo segundo da citada lei, contempla a diversidade de modelos de convivencia que caracterizan a sociedade actual: persoas unidas entre si por matrimonio, parellas de feito, persoas individuais xunto cos seus ascendentes e persoas a cargo, ou mulleres xestantes, entre outros.

De aí que as políticas familiares sexan unha peza central no obxectivo de revitalización demográfica e de aí, tamén, que o presente Plan contemple medidas que van destinadas tanto ao incremento do valor social da natalidade e da familia como ao apoio directo á familia nas súas diversas modalidades. A maior parte das políticas- educación, emprego, transporte público, vivenda, etc.- afecta directamente ás familias ou inflúe nelas, de aí a importancia de incorporar transversalmente as perspectivas demográficas e relativas á familia ao conxunto das políticas internas rexionais e dos Estados membros da Unión Europea.

Por outra parte, ao tempo que é importante coñecer a evolución demográfica dende a perspectiva europea é fundamental centrar as políticas en materia de revitalización demográfica dende as características socioeconómicas e socioculturais propias de Galicia, o que permite adoptar políticas demográficas moito máis eficaces. Perspectiva que xa se considera no Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, unida tamén á necesidade de traballar a longo prazo nesta materia. O éxito das medidas destinadas á dinamización demográfica vai requirir do impulso de todas as administracións públicas e da sociedade en xeral de Galicia e dun **compromiso firme e sólido**, invariable no tempo e fronte a calquera cambio de goberno.

A estratexia política da Unión Europea

A elaboración e posta en marcha do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020- ao igual que as medidas que nesta materia xa se teñen empezado a aplicar dende o Goberno galego- vai desenvolverse coa referencia imprescindible do que a Unión Europea establece en relación ao reto do cambio demográfico.

Concretamente, contamos con dúas referencias imprescindibles nesta materia pola súa relación directa cos obxectivos do Plan e pola súa actualidade e vixencia:

a) Dunha parte, a estratexia **Europa 2020**, promovida pola Unión Europea no primeiro trimestre do ano 2010 (Bruxelas, 3 de marzo de 2010), que presenta unha visión da economía social de mercado de Europa na próxima década e se basea en tres áreas prioritarias interrelacionadas que se reforzan mutuamente: crecemento intelixente, crecemento sostible e crecemento integrado.

Un dos temas que aborda esta estratexia europea e que garda relación directa cos obxectivos do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 é o envellecemento demográfico. Concretamente, a estratexia Europa 2020 refírese ao envellecemento demográfico ao mencionar a aceleración do envellecemento da poboación como unha das carencias estruturais de Europa e ao indicar o envellecemento activo como un elemento clave para asegurar a sostibilidade dos modelos sociais actuais cando se xubile a xeración do baby-boom.

b) Doutra parte, o DITAME publicado polo Comité Económico e Social Europeo a pasada primavera: **“O papel da política familiar no cambio demográfico: compartir as mellores prácticas entre os Estados membros”** (Bruxelas, 4 de maio de 2011).

Un ditame que, entre outras recomendacións, incide na importancia de dotar de transversalidade ás políticas familiares e de analizar as características propias de cada territorio-modelos de familia, aspiracións dos mozos/as, a perspectiva da paternidade, etc.- como garantía para unhas políticas familiares máis eficaces e sostibles.

Especificamente, algunhas das recomendacións e conclusións deste ditame son as seguintes:

- + Os poderes públicos deben evitar plantexamentos ideolóxicos e propoñer dispositivos que dean, realmente, aos individuos a posibilidade de decidirse a fundar unha familia e de ter o número de fillos/as que desexen.
- + A dimensión familiar debe considerarse de forma transversal en todas as políticas europeas.

A urbanización e os cambios nos modos de vida, viñeron acompañados por actitudes máis individualistas, pola aparición de novos grupos sociais que afrontan un maior risco de exclusión social. Calcúlase que o 17% dos europeos/as se ven afectados pola pobreza e a exclusión social, o que ten claras consecuencias nas políticas familiares.

Ningún Estado membro alcanza a mera substitución xeracional, inda que dous deles (Francia e Irlanda) se atopan moi cerca.

- + Existen diferentes políticas en favor das familias, pero cabe deducir algúns puntos comúns ás políticas que resultan eficaces:
 - Creación de mecanismos que permiten conciliar a vida profesional e a vida familiar.
 - Prevención e loita contra a pobreza das familias.
 - Perdurabilidade das políticas aplicadas, máis aló das alternancias políticas e a súa universalidade.
 - Recoñecemento da familia e revalorización do seu papel e do éxito familiar.
 - Toma en consideración da situación particular das familias numerosas.

- + Subliña ata qué punto están relacionadas entre si as políticas rexionais, as políticas de inversión e de formación, de vivenda e de emprego, que fan de este ou de aquel Estado membro ou de este ou aquel territorio un lugar atractivo para as familias e os mozos e mozas.


- + O futuro da sociedade reside nas xeracións futuras e estas verán a luz no seo das familias.

Estatísticas e tendencias demográficas: Estados membros da Unión Europea

A SITUACIÓN ACTUAL DE EUROPA (UE-27)

De acordo ás cifras oficiais de poboación extraídas do Eurostat con data de 7 febreiro de 2013 (datos de decembro de 2012) Europa conta cun total de 503.678.862 habitantes, dos que, de media, hai 104.92 mulleres por cada 100 homes.

A distribución da poboación por países da UE-27 é a seguinte:




O país máis poboado da UE-27 é Alemaña con 81.843.743 habitantes, onde reside o 16,25 % da poboación europea. O segundo posto ocúpao Francia co 12,98 % da poboación, que corresponde con 65.397.912 habitantes.

No lado oposto estaría Malta e Luxemburgo, que representan, respectivamente, o 0,08 % e 0,1% da poboación Europea con 416.110 habitantes en Malta e 524.853 habitantes en Luxemburgo.

España situaríase no quinto lugar, con 46.196.276 habitantes.

Distribución segundo sexo e idade

Tendo en conta a distribución poboacional da Unión Europea por grupos de idade e sexo as poboación distribúese da seguinte maneira:



Fonte: Eurostat 2011

Como podemos observar na anterior pirámide poboacional a porcentaxe de poboación de 0 a 4 anos supera o 5% da poboación, concretamente o 5,3%. A poboación de 5 a 9 anos representa o 5,1% da poboación e un 5,2% a de 10 a 14 anos. Polo que a poboación infantil europea representa o 15,6% da poboación total.

A mocidade en Europa representa o 25,4% do conxunto da poboación total europea, dos que un 5,6% son mozos e mozas con idades comprendidas entre os 15 e 19 anos, un 6,3% mozos e mozas de 20 a 24 anos, un 6,6% a mocidade de 25 a 29 anos e un 6,9% a poboación de 30 a 34 anos.

O grupo de idade comprendida entre o 35 a 64 anos representa o 41,3% da poboación europea distribuída da seguinte maneira: a franxa de idade comprendida entre os 35 e 39 anos representa o 7,1% da poboación europea, o 7,5% correspondese coa poboación de 40 a 44 anos, as persoas cunha idade entre os 45 e 49 anos representan

o 7,4% da poboación, o grupo de idade de 50 a 54 anos correspóndese co 6,9% da poboación europea, o 6,4% sería a poboación de 55 a 59 anos e a poboación de 60 a 64 anos representa o 6% da poboación total europea.

A poboación a partir dos 65 anos representa o 17,6% do total, cun 4,7% de poboación no rango de idade entre os 65 e 69 anos, un 4,4% entre os 70 e 74 anos, un 3,6% entre os 75 e 79 anos e un 4,9% a partir dos 80 anos.

Indicadores demográficos

Os indicadores demográficos máis significativos a nivel europeo son os seguintes:

	Europea
Densidade de poboación	116,6
Idade mediana	41,2
% de poboación menor de 14 anos	15,6
% de poboación entre 15 e 64 anos	66,7
% de poboación de 65 e máis anos	17,6
Índice de dependencia global	48,9
Índice de dependencia xuvenil	23,25
Índice de dependencia senil	25,92


Fonte: Eurostat 2011

A este respecto é importante sinalar o valor dun indicador especialmente significativo: o índice de dependencia global. Este índice mide a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos). Dito doutro xeito, este indicador indica a carga que para a poboación activa representa a poboación inactiva. O valor deste índice a nivel europeo é de 48,9. É dicir por cada 100 persoas potencialmente activas hai 48,9 inactivas. Practicamente cada dúas persoas en idade activa soportan a carga dunha persoa potencialmente dependente.

En relación aos indicadores de fecundidade e natalidade a situación de Europa correspóndese coa que se recolle no seguinte cadro:

	Europa
Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller) (*1)	1,59
Taxa bruta de natalidade (nacidos por cada 1.000 habitantes)	10,4
Idade media á maternidade (*1)	29,8


Índice sintético de fecundidade



Fonte: Eurostat 2011

Tendo en conta o anterior gráfico, atopámonos que Irlanda e Francia son os países cun maior índice sintético de fecundidade con 2,05 e 2,03 fillos/as por muller, respectivamente. Por outra banda, estarían Polonia, Rumanía e Hungría cos índices de fecundidade máis baixos da Unión Europea, con valores iguais ou inferiores a 1,30 fillos/as por muller. España cun índice de 1,36 situase no lugar 21 a nivel europeo.

Taxa bruta de natalidade




Fonte: Eurostat 2011

O número de nacementos por cada 1000 habitantes é de 16,3 en Irlanda e ao redor de 13 en países como Gran Bretaña e Francia. Mentres que países como Alemaña e Letonia teñen unha taxa inferior a 9.

En España o número de nacementos por cada 1000 habitantes é de 10,5, ocupando o lugar 17 a nivel europeo en taxa bruta de natalidade.

Número de nacementos e defuncións en millóns de habitantes.




Tendo en conta a gráfica anterior, podemos sinalar que o número de nacementos en millóns de habitantes en Europa veuse diminuído en 2,18 millóns dende o ano 1961 ao 2009, mentres que o número de defuncións aumentou en 0,7 millóns. Polo que o crecemento vexetativo pasou de 3,42 millóns habitantes en 1961 a 0,51 millón de habitantes en 2009.

COMPARATIVA TEMPORAL E PROXECCIONS POBOACIONAIS

Co fin de realizar unha análise profunda dos cambios demográficos a nivel europeo e coñecer a proxección poboacional, procederemos a exposición dunha serie de datos que nos permitan unha reflexión posterior a cerca da tendencia poboacional en Europa.

Tendencia poboacional en Europa.




Fonte: Eurostat 2011

O anterior gráfico describe a tendencia poboacional en Europa dende 1960 (que se toma como base igual a 100) a 2050. No mesmo podemos observar que a poboación ten un aumento continuo ata o 2025, momento no que comeza diminuír, situándose no ano 2050 en valores do ano 2005.


Se temos en conta os tramos de idade a evolución sería a seguinte:

Ano 1990



Fonte: Eurostat 2011

Ano 2009



Ano 2060



Observamos que no 2060 a pirámide poboacional europea tende a invertirse, debido a diminución no número de nacementos e da poboación de mediana idade, así como o aumento no número de persoas de avanzada idade

COMPARATIVA TERRITORIAL

Como observabamos no apartado anterior os países cun maior número de habitantes son Alemaña, Francia e Reino Unido, sendo Francia un dos países de Europa con maior índice sintético de fecundidade e taxa bruta de natalidade.

Tendo en conta estes datos e a proximidade xeográfica a España e por extensión a Galicia, realizaremos unha análise pormenorizada de Francia e España para poder realizar unha comparativa coa realidade en Galicia, en relación aos índices de natalidade e á proxección poboacional.

Datos poboacionais.

	Europa	España	Francia
Poboación total	503.678.862	46.196.276	65.585.857

A distribución desta poboación por grupos quinquenais de idade en España e Francia é:

España

2012		
	Homes	Mulleres
0-4	1.259.518	1.184.185
5-9	1.234.191	1.170.121
10-14	1.137.976	1.076.732
15-19	1.146.321	1.081.229
20-24	1.290.015	1.248.883
25-29	1.573.691	1.541.820
30-34	2.012.090	1.912.083
35-39	2.130.552	2.005.718
40-44	1.984.676	1.901.283
45-49	1.835.398	1.807.895
50-54	1.625.150	1.642.551
55-59	1.351.254	1.396.505
60-64	1.206.964	1.286.324
65-69	1.052.696	1.165.964
70-74	795.187	938.564
75-79	766.734	1.011.391
80-84	527.290	810.285
85-89	267.534	513.553
90-94	81.911	207.894
95-99	16.922	55.115
100 e máis	2.286	8.870
	23.298.356	23.966.965
Total		47.265.321

Francia

2012		
	Homes	Mulleres
0-4	2.059.396	1.975.244
5-9	2.079.156	1.987.920
10-14	2.091.827	1.998.963
15-19	2.038.450	1.944.561
20-24	2.005.579	1.973.699
25-29	1.937.070	1.989.531
30-34	2.018.349	2.083.435
35-39	2.070.712	2.098.093
40-44	2.261.611	2.296.905
45-49	2.241.596	2.300.750
50-54	2.138.497	2.227.647
55-59	2.013.628	2.150.461
60-64	1.976.151	2.130.736
65-69	1.528.361	1.684.195
70-74	1.085.109	1.283.881
75-79	950.176	1.277.180
80-84	717.091	1.144.708
85-89	392.663	802.549
90-94	141.594	372.367
95-99	18.937	76.973
100 e máis	2.677	17.429
	31.768.630	33.817.227
Total		65.585.857

De acordo á información recollida nas táboas anteriores, considerando os tramos de idade definidos, obsérvanse as seguintes disparidades:

	Europa 2011	España 2012	Francia 2012
% poboación 0-4	5,3	5,2	6,1
% poboación 5-9	5,1	5,1	6,2
% poboación 10-14	5,2	4,79	6,2
% poboación 15-19	5,6	4,7	6,1
% poboación 65-69	4,7	4,7	4,9
% poboación 70-74	4,4	3,7	3,6
% poboación 75-79	3,6	3,8	3,4
% poboación 80 e máis anos	4,9	5,3	5,6

Segundo os datos anteriores, comprobamos que Francia ten unha porcentaxe de poboación infantil superior á media Europea (15,6% media europea e 18,5% Francia), mentres que España, cun 15%, sitúase un medio punto por debaixo da media europea e máis de tres puntos por debaixo de Francia. Se analizamos a poboación de 65 e máis anos, observamos que a poboación desta franxa de idade representa o 17,6% na media europea, o 17,5% en España e o 17,5% en Francia.

Indicadores demográficos

	Europea	España	Francia
% de poboación	100	9,2	13,0
Densidade de poboación	116,6	91,8	102,5
Idade mediana no 1 de xaneiro	41,2	40,7	40,3
% de poboación menor de 14 anos	15,6	15	18,5
% de poboación entre 15 e 64 anos	66,8	67,7	64,0
% de poboación de 65 e máis anos	17,6	17,5	17,5
Índice de dependencia global	49,7	48,03	56,2
Índice de dependencia xuvenil	23,2	22,2	28,9
Índice de dependencia senil	25,9	25,9	27,3

En relación aos indicadores de fecundidade e natalidade a situación de Europa correspóndese coa que se recolle no seguinte cadro:

	Europa	España	Francia
Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller)	1,59	1,4	2,0
Taxa bruta de natalidade (nacidos por cada 1.000 habitantes)	10,4	10,2	12,7
Idade media á maternidade	29,8	31,4	29,9
Taxa bruta de mortalidade (defuncións por cada 1.000 habitantes)	9,7	8,8	8,5
Saldo vexetativo por 1.000 habitantes	0,7	1,4	4,2

Fonte: Para Europa e Francia, Eurostat Ano 2011; para España, INE 2012

Extraemos as seguintes conclusións, en virtude dos datos recollidos anteriormente nas táboas.


En relación á densidade da poboación, España está case 25 puntos por debaixo da media europea e case 11 puntos por debaixo da densidade poboacional de Francia, cunha idade media dos habitantes de 40,7 anos, inferior a media europea e a idade media en Francia, con 41,2 e 40,3 anos respectivamente.

Se temos en conta a taxa bruta de natalidade, España atopase algo máis de dous puntos por debaixo de Francia con 10,4 nados por cada 1000 habitantes. A idade media das mulleres, en relación a maternidade, é de 31,4 e teñen de media 1,4 fillos/as en España (por debaixo do referente europeo en ambos casos), mentres que Francia atopase por riba da media europea cunha idade media de 29,91 anos e cun índice sintético de fecundidade de 2 fillos/as por muller.

O crecemento vexetativo é superior en Francia cun saldo vexetativo de 4,2 por 1000 habitantes e unha taxa de mortalidade de 8,5, mentres que España crece a un ritmo algo máis lento cun crecemento vexetativo de 1,4 e unha taxa de mortalidade de 8,8.


En termos gráficos a comparativa das pirámides poboacionais é a seguinte:

España. Ano 2012.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE. Padrón municipal de habitantes. Ano 2012

Francia. Ano 2012.



Fonte: INSEE, 2012

Afondando no aspecto relativo ao número de nacementos tidos lugar nos dous países durante o 2011 e á orde de nacementos, segundo os datos dispoñibles no INE e INSEE, obsérvase:

		Total	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto e máis
España	Abs.	471.999	247.454	175.709	36.802	7.867	2.466	1.701
	%	100	52,43	37,23	7,80	1,67	0,52	0,36
	Acum. inv.		100	47,57	10,35	2,55	0,88	0,36
Francia	Abs.	832.799	474.966	236.427	84.316	24.091	7.410	5.589
	%	100	57,03	28,39	10,12	2,89	0,89	0,67
	Acum. inv.		100	42,97	14,58	4,45	1,56	0,67

De acordo á información dispoñible na táboa anterior compróbese no caso de Francia que o/a primeiro/a fillo/a ten máis representatividade que en España, cun 57,03% e un 52,43% respectivamente. Mentres que se falamos do/a segundo/a fillo/a, a representatividade é maior en España que en Francia, cun 37,23% fronte o 28,39%. A partir do/a terceiro/a fillo/a a representatividade sempre é maior en Francia que en España, cun 10,35% o/a terceiro/a fillo/a, 2,55% o/a cuarto/a, 0,88% o/a quinto/a e un 0,36% o/a sexto/a.

Galicia en relación a Europa

Tendo en conta os datos anteriormente analizados e como punto de enlace coa información que se recolle no apartado 2.2. relativo á realidade demográfica de Galicia, expoñemos os seguintes datos de referencia a nivel europeo e que nos permitirán analizar o estado demográfico a nivel galego.

	Europea	España	Galicia	Francia
% de poboación	100	9,2	5,9 (en relación a España)	13
Densidade de poboación ¹	16,60	91,8	94,5	102,5
Idade mediana no 1 de xaneiro	41,2	40,7	45,1	40,3
% de poboación menor de 14 anos	15,6	15	11,74 (*) ¹	8,5
% de poboación entre 15 e 64 anos	66,8	67,7	65,40 (*)	64,0
% de poboación de 65 e máis anos	17,6	17,5	22,86 (*)	17,5
Índice de dependencia global	49,7	48,035	1,8	56,29
Índice de dependencia xuvenil	23,2	22,2	17,6	28,9
Índice de dependencia senil	25,9	25,9	34,2	27,3

(*) Datos 2012

	Europa	España	Galicia	Francia
Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller)	1,59	1,4	1,07	2,0
Taxa bruta de natalidade (nacidos por cada 1.000 habitantes)	10,4	10,2	7,9	12,7
Idade media á maternidade	29,8	31,04	32,19	29,91
Taxa bruta de mortalidade (defuncións por cada 1.000 habitantes)	9,7	8,8	10,93	8,5
Saldo vexetativo por 1.000 habitantes	0,7	1,4	-3,03	4,2

Dos datos recollidos anteriormente nas táboas, destacamos que a idade media dos galegos é de 45,1 anos, case catro anos superior a media europea que se sitúa en 41,2 anos e case cinco máis en relación a España e a Francia. En relación a poboación inferior a 14 anos, esta representa o 11,74% da poboación total en Galicia, atopándose case catro puntos por debaixo da media europea, máis de tres puntos en relación a España e case sete en relación a Francia.

Tamén é importante sinalar o valor do índice de dependencia global. En Galicia o valor deste índice sitúase en 51,8, isto é, por cada 100 persoas potencialmente activas hai 51,8 potencialmente dependentes. Cada dúas persoas entre 15 e 64 anos soportan a carga de máis dunha persoa inactiva. O valor deste índice sitúase 2,1 puntos por riba do valor do indicador a nivel europeo e 3,77 puntos por riba do valor do índice a nivel español. Da comparación da situación de Galicia coa de Francia obsérvase que o valor do índice en Francia se sitúa 4,4 puntos por riba do valor galego, sen embargo parte desta diferenza xustifícase nun feito potencialmente positivo a nivel demográfico: en Francia o peso da poboación menor de 15 anos, é dicir da poboación que se converterá en poboación activa a curto- medio prazo, é sensiblemente maior que en Galicia.

Se temos en conta a taxa bruta de natalidade en Galicia nacen 7,9 nenos/as por cada 1.000 habitantes, mentres que a taxa de mortalidade é de 10,93 por cada mil habitantes. Tendencia inversa á que se da en Europa con 10,4 nacementos por 1.000 habitantes e 9,7 no caso da mortalidade. Se o comparamos con Francia a diferenza aínda aumenta máis, xa que en Francia nacen 12,7 nenos/as e a taxa de mortalidade é de 8,5. Polo que o saldo vexetativo en Galicia é negativo cun -3,03, cando en Europa sitúase nun 0,7 e en Francia nun 4,2.

No seguinte apartado descríbese polo miúdo a realidade demográfica de Galicia.

1.2 / A REALIDADE DEMOGRÁFICA DE GALICIA

A SITUACIÓN ACTUAL DE GALICIA

COMPARATIVA TEMPORAL E PROXECCIÓNS POBOACIONAIS

COMPARATIVA TERRITORIAL: OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

A situación actual de Galicia

De acordo ás cifras oficiais de poboación extraídas do Padrón Municipal de Habitantes e publicadas polo Instituto Nacional de Estatística referidas a 1 de xaneiro de 2011 Galicia conta cun total de 2.782.128 habitantes, dos cales 1.343.328, un 48,28%, son homes e 1.438.170, un 51,72%, son mulleres.

A nivel territorial a distribución da poboación é a seguinte:

2012	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.782.128	1.343.328	1.438.170
A Coruña	1.143.911	550.009	593.902
Lugo	348.902	169.536	179.366
Ourense	330.887	159.175	171.082
Pontevedra	958.428	464.608	493.820

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE. Padrón municipal de habitantes

A provincia da Coruña, cun total de 1.143.911 habitantes, é a máis poboada de toda Galicia. Nesta provincia reside o 41,12% da poboación galega. A segunda provincia galega con maior peso en termos poboacionais é a provincia de Pontevedra, que conta co 34,50 % do total da poboación, residindo nela 958.428 persoas.


No polo oposto atópanse Lugo e Ourense, que son as entidades territoriais provinciais cun menor peso poboacional a nivel galego. Nomeadamente, a poboación da provincia de Lugo, con 348.902 habitantes, representa un 12,54% do total da poboación de Galicia, e a provincia de Ourense, cun 11,84% do total da poboación galega e 330.887 habitantes, é a provincia con menos poboación de Galicia.

Atendendo á distribución poboacional por grupos quinquenais de idade e sexo as cifras de poboación para 2012 son as seguintes:

2012		
	Homes	Mulleres
0-4	57.798	53.917
5-9	56.633	53.545
10-14	54.014	50.704
15-19	57.312	54.311
20-24	67.507	65.232
25-29	83.854	81.805
30-34	109.477	106.828
35-39	114.516	113.318
40-44	108.060	108.495
45-49	100.999	103.323
50-54	97.613	100.058
55-59	87.380	90.396
60-64	81.679	86.845
65-69	76.363	85.436
70-74	57.046	69.141
75-79	61.439	83.512
80-84	41.332	64.924
85-89	21.124	41.747
90-94	7.290	18.581
95-99	1.650	5.198
100 e máis	242	854
	1.343.328	1.438.170
Total		2.781.498

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE. Padrón municipal de habitantes.

Froito desta distribución a pirámide poboacional galega actual correspóndese coa gráfica que se recolle a continuación:



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE. Padrón municipal de habitantes.

Tal e como se pode observar a porcentaxe de poboación de 0 a 4 anos representa o 4,02% da poboación total. A poboación de 5 a 9 anos supón o 3,96%, e a poboación

de 10 a 14 representa o 3,76% da poboación total. Isto supón que a poboación en idade infantil só representa un 11,74% da poboación total de Galicia.

A poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 34 anos abrangue o 22,52% da poboación galega, e dentro deste bloque a distribución por grupos quinquenais é a seguinte: as persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 19 anos representa o 4,01% da poboación total, as persoas entre os 20 e os 24 anos supoñen o 4,77% do conxunto da poboación galega, a poboación entre os 25 e os 29 anos é o 5,96% da poboación de Galicia e as persoas con idades comprendidas entre os 30 e os 34 anos supoñen o 7,78% dos habitantes.

Nos grupos quinquenais de idade máis avanzada, isto é os grupos con idades a partir dos 65 anos, obsérvase a seguinte distribución: as persoas de 65 a 69 anos de idade representan o 5,82% da poboación total, as persoas con idades comprendidas entre os 70 e os 74 anos supoñen o 4,54% da poboación de Galicia, a poboación entre os 75 e os 79 anos é o 5,21 % do total, as persoas entre os 80 e os 84 anos representan o 3,82 % do conxunto da poboación, o grupo de poboación con idades comprendidas entre os 85 e os 89 anos supón o 2,26% da poboación galega, as persoas con idades comprendidas entre 95 e 99 anos apenas representa o 0,25% do total da poboación e as persoas maiores de 100 anos son o 0,04% da poboación de Galicia. No seu conxunto, estes grupos quinquenais de idade representan o 22,86% da poboación galega.

A situación dos indicadores demográficos máis significativos é a seguinte:

2011	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
% de poboación segundo o ámbito xeográfico	5,9	41	12,6	11,9	34,5
Densidade de poboación	94,5	144,3	35,7	45,8	214,4
Idade media no 1 de xaneiro	45,1	44,8	48,3	48,7	43,1
% de poboación menor de 20 anos	15,7	15,8	13,2	13,4	17,5
% de poboación entre 20 e 64 anos	61,7	62,6	58,8	57,6	63,2
% de poboación de 65 e mais anos	22,5	21,6	28	29,1	19,3
Índice de envellecemento	143,1	137,4	211,6	217,9	110,4
Índice de sobreenvellecemento	14,9	13,7	17,6	17,1	13,8
Índice de dependencia global	51,8	50,1	59,8	62,9	47,6
Índice de dependencia xuvenil	17,6	17,6	15,1	15,5	19,1
Índice de dependencia senil	34,2	32,5	44,7	47,4	28,5
Índice da estrutura da poboación en idade activa	109,2	110,2	118,9	119,7	101,9
Índice da estrutura de recambio da poboación en idade activa	148,1	155,4	158,2	167,7	131

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

En relación aos indicadores de fecundidade, natalidade e mortalidade a situación de Galicia correspóndese coa que se recolle no seguinte cadro:

	Galicia (2011)
Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller en idade fértil)	1,07
Taxa bruta de natalidade (nacidos por cada 1.000 habitantes)	7,9
Taxa global de fecundidade (nacidos por 1000 mulleres de 15 a 49 anos)	33,9
Idade media á maternidade	32,19
Taxa bruta de mortalidade (defuncións por cada 1.000 habitantes)	10,93
Saldo vexetativo por 1.000 habitantes	-3,03

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Os indicadores de fecundidade, natalidade e mortalidade son a primeira mostra da problemática que presenta Galicia a nivel demográfico. Tal e como se pode observar no anterior cadro na actualidade o índice sintético de fecundidade, isto é número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos), atópase en Galicia en 1,07, isto supón 1,03 fillos por debaixo da taxa de recambio xeracional que se sitúa en 2,1 fillos por muller en idade fértil.

Así mesmo, a taxa bruta de natalidade, o número de persoas nadas por cada 1.000 habitantes, sitúase en 7,9, e a taxa de mortalidade, é dicir o número de persoas falecidas por cada 1.000 habitantes, é de 10,93. Isto fai que taxa bruta de mortalidade se sitúe 3,03 puntos por riba da taxa bruta de natalidade, dito doutro xeito, o saldo vexetativo que presenta Galicia é negativo. Concretamente, por cada 1.000 habitantes, nacen 7,9 persoas e falecen 10,93, polo que anualmente morren en Galicia, por cada 1.000 habitantes, 3,03 persoas máis das que nacen. En termos absolutos, a situación de Galicia e provincias relativa ao número de nacementos, defuncións e saldo vexetativo é a seguinte:

2011	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nacementos	21.594	9.258	2.186	1.973	8.177
Defuncións	29.879	11.708	4.819	4.636	8.716
Saldo vexetativo	-8.285	-2.450	-2.633	-2.663	-539

Fonte: INE, IGE, Movemento natural da poboación.

Afondando no aspecto relativo ao número de nacementos tidos lugar en Galicia durante o 2011 e á orde de nacemento para a nai, segundo os datos dispoñibles no INE, obsérvase:

2011	Total	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto e mais
Nacementos	21.594	12.376	7.848	1.112	188	50	20

En Galicia naceron en 2011 un total de 21.594 persoas, das cales 12.376, un 57,31%, foron o primeiro fillo, é dicir, ocupan o primeiro lugar dentro da secuencia cronolóxica do total de fillos nados vivos dunha muller. Os segundos fillos supoñen o 36,34% do total de nacementos tidos lugar en Galicia durante 2011. Os terceiros fillos representaron o 5,15%, e os cuartos e sucesivos o 1,19% do total de nacementos tidos lugar en Galicia durante 2011.

Se temos en conta o índice sintético de fecundidade (no de nacementos por muller en idade fértil) segundo a orde de nacemento, os resultados para Galicia en 2011 serían os seguintes:

2011	Total	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto e máis
Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller)	1,07	0,64	0,37	0,05	0,01

Fonte: INE

Na táboa evidénciase un patrón claro: o primeiro fillo é o que fai unha achega máis importante ao índice sintético de fecundidade, o peso do segundo fillo representa aproximadamente o 50% do valor do primeiro e a achega do terceiro e sucesivos apenas resulta significativa.

Comparativa temporal e proxeccións poboacionais

A consideración dos indicadores demográficos e poboacionais dende una perspectiva temporal resulta fundamental de cara a realizar unha diagnose en profundidade da problemática demográfica galega, coñecer as tendencias a este respecto e artellar unha estratexia preventiva que permita, non só evitar o empeoramento da situación actual, senón tamén tomar as decisións axeitadas para invertir, na medida do posible, o valor dos indicadores demográficos máis desfavorables.

Se temos en conta a evolución do número de habitantes, e se non se toma ningunha medida, Galicia mostra, a nivel temporal, a seguinte secuencia poboacional, de acordo aos datos dispoñibles no IGE e no INE:

	1900	1930	1960	1981	2011	2021	2031	2051
Nº de habitantes	1.980.515	2.230.281	2.602.962	2.753.836	2.795.422	2.647.749	2.278.504	1.734.073

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e IGE. Proxeccións poboacionais correspondentes ao escenario baixo.

No caso de que o escenario considerado fose o medio ou o alto as cifras serían as seguintes :

ESCENARIO	2021	2031	2051
Medio	2.750.988	2.680.103	2.411.740
Alto	3.026.209	3.153.855	3.307.441

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e IGE.

Como se pode observar dende comezos do século XX ata a actualidade a cifra relativa ao número total de habitantes de Galicia caracterizouse por experimentar un crecemento constante, aínda que progresivamente cada vez máis lento. Concretamente dende 1900 a 2011 a poboación de Galicia incrementouse en 814.907 persoas, é dicir, a poboación de Galicia medrou un 41,15%.


Esta tendencia positiva experimentada practicamente ata a actualidade, tendo en conta o valor dalgúns dos indicadores demográficos máis importantes, entre eles o saldo vexetativo ou o índice de fecundidade, xa comeza a dar mostra dos primeiros síntomas negativos. Con respecto a 2011 Galicia perdeu en 2012 13.924 habitantes, e prevese que esta tendencia se agrave a curto prazo e, no período de 10 anos, Galicia poida chegar a perder máis de 147.000 habitantes, máis dun 5,3% da poboación actual.

A longo prazo as proxeccións poboacionais son especialmente negativas pois, de acordo aos datos existentes na actualidade, é previsible que en 2051 a poboación de Galicia

poida situarse entorno aos 1.734.000 habitantes, o que suporía que nun período de 40 anos Galicia perdese máis dun millón de habitantes, un 37% da súa poboación actual. Dito doutro xeito, de continuar as tendencias demográficas actuais, é previsible que Galicia poida chegar a perder en catro décadas máis poboación da que gañou nun século.

A continuación recóllese de xeito gráfico a evolución da cifra de poboación de Galicia ata 2012 e a súa proxección de cara a 2051.

Previsión da evolución da poboación en Galicia.



Fonte: Elaboración propia

A evolución da poboación considerando os tramos de idade é a seguinte:

1981		
	Homes	Mulleres
0-4	108.775	103.620
5-9	114.261	108.383
10-14	114.692	109.087
15-19	110.524	106.566
20-24	106.432	102.376
25-29	93.712	88.853
30-34	93.237	92.137
35-39	87.420	86.956
40-44	76.229	80.252
45-49	91.562	96.793
50-54	82.418	89.312
55-59	71.352	82.080
60-64	60.696	76.331
65-69	54.433	70.868
70-74	45.227	63.175
75-79	28.835	46.759
80-84	15.034	28.708
85 e máis	7.163	17.688
	1.362.002	1.449.944


2012		
	Homes	Mulleres
0-4	57.798	53.917
5-9	56.633	53.545
10-14	54.014	50.704
15-19	57.312	54.311
20-24	67.507	65.232
25-29	83.854	81.805
30-34	109.477	106.828
35-39	114.516	113.318
40-44	108.060	108.495
45-49	100.999	103.323
50-54	97.613	100.058
55-59	87.380	90.396
60-64	81.679	86.845
65-69	76.363	85.436
70-74	57.046	69.141
75-79	61.439	83.512
80-84	41.332	64.924
85-89	21.124	41.747
90-94	7.290	18.581
95-99	1.650	5.198
100 e máis	242	854
	1.343.328	1.438.170

2021		
	Homes	Mulleres
0-4	46.882	44.135
5-9	55.145	52.101
10-14	58.562	55.212
15-19	56.639	53.448
20-24	54.315	51.794
25-29	58.881	57.088
30-34	69.241	68.019
35-39	89.247	88.018
40-44	110.448	109.692
45-49	108.798	109.596
50-54	100.810	104.812
55-59	94.099	99.989
60-64	87.878	95.319
65-69	77.695	85.700
70-74	70.357	82.132
75-79	55.640	71.986
80-84	37.585	57.665
85-89	28.105	50.926
90-94	12.012	25.395
95-99	3.118	7.811
100 e máis	453	1.004
	1.275.910	1.371.842

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.


En termos gráficos a evolución da pirámide poboacional galega de 1981 a 2021 prevese que sexa a seguinte:

1981




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.

2012




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.

2031



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.

Considerando especificamente a previsión da porcentaxe de persoas maiores a medio prazo (2020) a situación, en termos gráficos, nos distintos concellos galegos non é especialmente favorable á dinamización demográfica, tal e como se pode observar no seguinte mapa.



Fonte: Observatorio Territorial Económico e Social de Galicia (OTEGA), CIEF-Fundación Caixa Galicia e IDEGA-USC.

A evolución dos indicadores demográficos máis importantes evidencia tendencias igualmente desfavorables:

Galicia	1975	1985	1995	2005	2011
Taxa de crecemento composto continuo	0,6	-0,2	-0,3	0,2	...
% de poboación segundo o ámbito xeográfico	7,7	7,3	6,9	6,3	5,9
% de poboación menor de 20 anos	32,3	29,4	23,0	16,3	15,7
% de poboación entre 20 e 64 anos	55,5	56,2	59,1	62,4	61,7
% de poboación de 65 e máis anos	12,2	14,4	17,9	21,3	22,5
Índice de envellecemento	37,9	49,0	78,0	130,4	143,1
Índice de sobreenvellecemento	6,5	7,7	10,5	12,7	14,9
Índice de dependencia global	58,0	56,6	49,3	48,3	51,8
Índice de dependencia xuvenil	38,7	34,0	22,5	16,8	17,6
Índice de dependencia senil	19,3	22,6	26,8	31,5	34,2
Índice da estrutura da poboación en idade activa	84,7	83,1	81,6	92,4	109,2
Índice da estrutura de recambio da poboación en idade activa	63,6	67,9	79,2	112,9	148,1
Densidade de poboación	92,3	94,8	92,0	93,4	94,6
Idade media no 1 de xaneiro	35,0	37,0	40,4	43,8	45,1

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. INE (indicadores de natalidade e mortalidade 2011).

A evolución dos indicadores de fecundidade, natalidade e mortalidade redundan de novo nesta tendencia negativa da demografía en Galicia:

Galicia	1975	1985	1995	2005	2011	2020
Nacementos	43.850	28.427	18.799	21.097	21.594	16.733
Defuncións	25.834	26.295	28.464	29.383	29.879	31.122
Saldo vexetativo	18.018	2.132	-9.665	-8.286	-8.285	-14.389
Taxa bruta de natalidade	16,0	10,2	6,9	7,6	7,9	6,3
Taxa bruta de mortalidade	9,4	9,4	10,5	10,6	10,6	11,7
Taxa xeral de fecundidade	67,5	44,1	28,1	31,2	33,9	-
Idade media á maternidade	28,1	27,4	29,2	31,2	32,19	-
Índice sintético de fecundidade	2,4	1,5	1,0	1,0	1,07	-

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. INE (indicadores de natalidade e mortalidade 2011).

Comparativa territorial: Outras comunidades autónomas

Do mesmo xeito que o estudo das variables demográficas dende unha dimensión temporal é fundamental para coñecer a evolución da realidade demográfica galega, a análise da situación demográfica dende unha comparativa territorial con outras comunidades autónomas do Estado achérganos información básica a dous niveis esenciais: dunha banda aporta información útil de cara a discernir se a nosa problemática demográfica é compartida co resto do territorio, ou pola contra é un fenómeno singular galego, e por outra banda facilita a interpretación daquelas variables e factores que poden estar na orixe da problemática demográfica detectada.

A este respecto, como resultado dunha primeira toma de contacto cos indicadores demográficos das distintas comunidades autónomas do Estado obsérvase unha tendencia xeral negativa na evolución dalgún dos máis importantes como poden ser a taxa global de fecundidade, a taxa bruta de natalidade ou o índice sintético de fecundidade, que en ningunha das comunidades autónomas do Estado acada os 2,1 fillos por muller necesarios para garantir o relevo xeracional.

Non obstante, esta tendencia xeral, vese matizada a nivel territorial, de xeito que se poden identificar dous espazos xeográficos nos que os indicadores demográficos presentan diferenzas significativas:

- + O noroeste peninsular: neste espazo atópase a comunidade autónoma que presenta non só os peores valores a nivel estatal, senón tamén europeo, en indicadores como o índice sintético de fecundidade (número de fillos por muller), trátase do Principado de Asturias. Esta comunidade, xunto con Galicia e Castela e León, é o exemplo dunha tendencia especialmente negativa no valor dos indicadores demográficos e poboacionais a nivel estatal.
- + O sudeste peninsular, no que se atopa a comunidade autónoma cos valores máis favorables nos indicadores demográficos sinalados no apartado anterior. A este respecto é importante sinalar que a Rexión de Murcia é a comunidade autónoma que presenta os valores máis positivos do Estado en indicadores demográficos e poboacionais como a taxa bruta de natalidade, o índice sintético de fecundidade e a porcentaxe de poboación no grupo quinquenal de idade máis baixo (0-4 anos). No ámbito territorial próximo a esta comunidade autónoma atópase outra das comunidades autónomas que presenta unha situación das máis favorables en relación aos indicadores demográficos sinalados, Andalucía.

Co obxecto de identificar características comúns e factores diferenciais entre as comunidades autónomas que presentan unha posición máis favorable e máis negativa en termos demográficos a continuación recóllese unha análise comparativa da situación galega coas Comunidades Autónomas do Principado de Asturias, Rexión de Murcia e Andalucía.

De acordo coa información dispoñible no INE relativa ao Padrón Municipal de habitantes 2012 a poboación total destas comunidades autónomas é a seguinte:

	Galicia	Principado de Asturias	Rexión de Murcia	Andalucía
Poboación total	2.781.498	1.077.360	1.474.449	8.449.985

A distribución desta poboación por grupos quinquenais de idade en cada unha das comunidades autónomas é a seguinte:

GALICIA 2012			REXION DE MURCIA 2012			ASTURIAS 2012			Andalucía 2012		
	Homes	Mulleres		Homes	Mulleres		Homes	Mulleres		Homes	Mulleres
0-4	57.798	53.917	0-4	46.359	43.856	0-4	20.368	19.492	0-4	239.164	225.508
5-9	56.633	53.545	5-9	45.881	42.880	5-9	19.988	19.050	5-9	241.991	229.472
10-14	54.014	50.704	10-14	41.352	39.668	10-14	19.111	17.839	10-14	227.499	213.959
15-19	57.312	54.311	15-19	41.186	38.373	15-19	19.662	18.780	15-19	236.785	223.164
20-24	67.507	65.232	20-24	44.933	42.834	20-24	23.855	23.124	20-24	262.214	249.518
25-29	83.854	81.805	25-29	53.228	50.666	25-29	31.632	30.368	25-29	297.661	287.569
30-34	109.477	106.828	30-34	70.281	61.750	30-34	40.642	39.547	30-34	356.935	341.110
35-39	114.516	113.318	35-39	70.814	62.482	35-39	44.284	43.368	35-39	365.579	350.870
40-44	108.060	108.495	40-44	63.949	58.568	40-44	41.813	41.281	40-44	348.774	341.556
45-49	100.999	103.323	45-49	56.788	53.691	45-49	41.330	42.290	45-49	328.585	328.000
50-54	97.613	100.058	50-54	47.333	46.765	50-54	41.740	43.767	50-54	286.032	288.199
55-59	87.380	90.396	55-59	36.553	37.083	55-59	37.866	40.559	55-59	229.887	236.076
60-64	81.679	86.845	60-64	32.031	34.352	60-64	34.047	37.068	60-64	199.542	211.724
65-69	76.363	85.436	65-69	27.517	30.202	65-69	28.394	32.627	65-69	177.094	194.996
70-74	57.046	69.141	70-74	22.434	26.088	70-74	20.063	24.778	70-74	132.692	159.000
75-79	61.439	83.512	75-79	19.817	25.507	75-79	23.214	31.941	75-79	121.873	163.095
80-84	41.332	64.924	80-84	13.533	20.094	80-84	16.602	27.551	80-84	78.857	122.778
85-89	21.124	41.747	85-89	6.623	11.812	85-89	8.634	18.053	85-89	35.996	69.945
90-94	7.290	18.581	90-94	1.794	4.019	90-94	2.598	7.225	90-94	10.588	25.521
95-99	1.650	5.198	95-99	299	915	95-99	511	1.949	95-99	2.174	6.423
100 e máis	242	854	100 e máis	22	117	100 e máis	66	283	100 e máis	363	1.217
	1.343.328	1.438.170		742.727	731.722		516.420	560.940		4.180.285	4.269.700
Total		2.781.498	Total		1.474.449	Total		1.077.360	Total		8.449.985

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE Padrón Municipal de Habitantes.

De acordo coa información recollida nas táboas anteriores, considerando os tramos de idade definidos, obsérvanse as seguintes disparidades:

2011	Galicia	Principado de Asturias	Rexión de Murcia	Andalucía
% poboación 0-4	4,02	3,70	6,12	5,50
% poboación 5-9	3,96	3,62	6,02	5,58
% poboación 10-14	3,77	3,43	5,50	5,22
% poboación 15-19	4,01	3,57	5,40	5,44
% poboación 65-69	5,82	5,66	3,91	4,40
% poboación 70-74	4,54	4,16	3,29	3,45
% poboación 75-79	5,21	5,12	3,07	3,37
% poboación 80 e máis anos	7,30	7,75	4,02	4,19


Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

As cifras recollidas na táboa anterior dan mostra das grandes desigualdades existentes entre as Comunidades Autónomas de Galicia e Principado de Asturias, por un lado, e as de Murcia e Andalucía, por outro. A xeito de exemplo destas diferenzas cabe sinalar as cifras relativas á poboación con idades comprendidas entre os 0 e os 4 anos. A Rexión de Murcia é a comunidade autónoma do Estado con máis porcentaxe de poboación entre os 0 e os 4 anos, concretamente un 6,12% da súa poboación total ten menos de 5 anos, mentres que no caso do Principado de Asturias e Galicia esta porcentaxe sitúase por debaixo ou apenas supera o 4% (3,70 e 4,02% respectivamente). Isto supón que a porcentaxe de poboación entre 0 e 4 anos residente na Rexión de Murcia supera en 2,1 puntos a porcentaxe de poboación neste tramo de idade en Galicia. Se comparamos a situación da Rexión de Murcia e o Principado de Asturias a diferenza é aínda maior, posto que a porcentaxe de poboación entre 0 e 4 anos residente na Rexión de Murcia supera en 2,40 puntos porcentuais a poboación neste tramo de idade no Principado de Asturias.

En relación á poboación maior de 80 anos obsérvase o fenómeno inverso. En Galicia e o Principado de Asturias a porcentaxe de poboación maior de 80 anos sobre o total da poboación sitúase por riba do 7%, concretamente nun 7,30% e 7,75% respectivamente, mentres que esta porcentaxe apenas supera o 4% na Rexión de Murcia (4,02%), e nun 4,19% en Andalucía.


En termos gráficos a comparativa das pirámides poboacionais das Comunidades autónomas é a seguinte:

Galicia. Ano 2012.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Principado de Asturias. Ano 2012




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Región de Murcia. Ano 2012



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Andalucía. Ano 2012



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

A comparación dos principais indicadores demográficos evidencia, igualmente, importantes diferenzas:

2011	Galicia	Principado de Asturias	Rexión de Murcia	Andalucía
Nacementos	21.594	7.763	18.039	92.201
Defuncións	29.879	12.725	9.976	64.471
Saldo vexetativo	-8.285	-4.962	8.063	27.730
Taxa bruta de natalidade	7,9	7,38	11,83	10,83
Taxa bruta de mortalidade	10,93	12,02	6,93	7,94
Saldo vexetativo por 1.000 habitantes	-3,03	-4,64	4,9	2,89
Taxa global de fecundidade	33,9	32,69	47,05	42,8
Idade media á maternidade	32,19	31,84	30,69	30,97
Índice sintético de fecundidade	1,1	1,05	1,54	1,42

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Afondando no aspecto relativo ao número de nacementos tidos lugar nas comunidades autónomas durante o 2011 e á orde de nacementos, segundo os datos dispoñibles no INE, obsérvase:

2011		Total	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto e máis
Galicia	Abs.	21.594	12.376	7.848	1.112	188	50	20
	%	100,00	57,31	36,34	5,15	0,87	0,23	0,09
	Acum. inv.		100,00	42,69	6,34	1,19	0,32	0,09
Principado de Asturias	Abs.	7.782	4.745	2.533	400	66	30	8
	%	100,00	60,97	32,55	5,14	0,85	0,39	0,10
	Acum. inv.		100,00	39,03	6,48	1,34	0,49	0,10
Rexión de Murcia	Abs.	17.408	7.723	6.812	2.019	539	162	153
	%	100,00	44,36	39,13	11,60	3,10	0,93	0,88
	Acum. inv.		100,00	55,64	16,50	4,91	1,81	0,88
Andalucía	Abs.	89.552	44.920	35.157	7.356	1.440	413	266
	%	100,00	50,16	39,26	8,21	1,61	0,46	0,30
	Acum. inv.		100,00	49,84	10,58	2,37	0,76	0,30

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

De acordo á información dispoñible na táboa anterior compróbase que nas comunidades autónomas con menor taxa de fecundidade, isto é o Principado de Asturias e Galicia, o primeiro fillo representa o 60% dos nacementos tidos lugar, mentres que en Murcia esta porcentaxe se sitúa no 44,36%.

No segundo fillo apenas existen diferenzas entre as comunidades autónomas, mentres que no terceiro e seguintes as diverxencias son claras: en Galicia o terceiro fillo e seguintes representa o 6,34% do total de nacementos, no Principado de Asturias o 6,48% e na Rexión de Murcia o 16,51%. É dicir na Rexión de Murcia a porcentaxe de nacementos que supoñen o terceiro fillo e sucesivos é máis do dobre que esta mesma porcentaxe en Galicia e no Principado de Asturias.

Se temos en conta o índice sintético de fecundidade (no de nacementos por muller en idade fértil) segundo a orde de nacemento, de acordo á información recollida no

seguinte cadro, obsérvase que as diferenzas máis importantes entre as comunidades autónomas con maior e menor índice de fecundidade (no de fillos por muller) se atopan no segundo fillo e sucesivos. Concretamente:

2011	Total	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto e máis
Galicia	1,07	0,63	0,37	0,05	0,01
Principado de Asturias	1,05	0,66	0,33	0,05	0,03
Rexión de Murcia	1,54	0,71	0,58	0,17	0,01
Andalucía	1,42	0,73	0,54	0,11	0,03

Fonte: INE.

Na actualidade carécese de informes especializados que poidan dar unha resposta sobre a orixe destas diferenzas, se ben é certo que ao realizar unha análise inicial dalgúns dos factores que definen a realidade socioeconómica destas comunidades autónomas identifícanse as seguintes situacións:

- + Realizouse un estudo das medidas de apoio á familia e á maternidade e paternidade que se aplican nas distintas comunidades autónomas e resultaron ser pouco significativas as diferenzas detectadas entre as mesmas.
- + Nas comunidades autónomas con maior índice de fecundidade, Rexión de Murcia e Andalucía, as porcentaxes de poboación estranxeira son comparativamente altas en relación ás comunidades autónomas cun menor índice de fecundidade, o Principado de Asturias e Galicia.
- + Igualmente nas comunidades autónomas con maior índice de fecundidade as porcentaxes de poboación afiliada á Seguridade Social no Réxime Especial Agrario son comparativamente altas en relación ao Principado de Asturias e Galicia.
- + Non se identifica un patrón demográfico homoxéneo entre a área atlántica e a área mediterránea que achegue indicios de carácter sociocultural que poidan estar na base das diferenzas a nivel autonómico, posto que se consideramos, a nivel europeo, rexións atlánticas e mediterráneas detéctanse, comparativamente, nalgúns indicadores demográficos importantes, valores máis positivos en rexións como a Bretaña Francesa que noutras rexións do sur de Italia.

1.3 / PERTINENCIA DO PLAN

De acordo á información recollida ao analizar a realidade demográfica de Galicia existe un problema demográfico que queda xustificado pola tendencia dos indicadores analizados anteriormente e que se observa que, aínda que non é un problema exclusivo de Galicia, si é un problema especialmente preocupante na nosa comunidade autónoma. Trátase dun problema de tal calado que xustifica a pertinencia do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e que se caracteriza, entre outros factores, polos seguintes:

- + O índice sintético de fecundidade (no de fillos por muller ao longo da súa vida fértil) actual de Galicia é de 1,07, isto supón 1,03 fillos por debaixo da taxa de recambio xeracional que se sitúa en 2,1 fillos por muller en idade fértil. Galicia, detrás do Principado de Asturias, é a comunidade autónoma que presenta un peor valor neste índice, non só a nivel estatal senón tamén europeo.
- + O saldo vexetativo actual de Galicia atópase en valores negativos. Concretamente, no ano 2011, en Galicia faleceron 8.285 persoas máis das que naceron, e o saldo vexetativo por 1.000 habitantes resultou ser -3,03, isto é por cada 1.000 habitantes naceron 7,9 persoas e faleceron 10,93.
- + Galicia perdeu en 2011, con respecto a 2010, en termos absolutos 13.924 habitantes, segundo o IGE. De continuar esta tendencia, no período de 10 anos, Galicia perderá ao redor dun 5,3% da poboación actual, o que nun período de 40 anos podería traducirse nunha perda de ata o 37% da poboación actual.
- + O índice de envellecemento, é dicir a poboación maior de 64 anos en relación á poboación menor de 20 anos, sitúase nos 140,5 puntos, mentres que en 1975 se situaba nos 37,9 puntos. É dicir, en apenas 35 anos este índice case se cuadruplicou.
- + O pouco peso relativo do segundo fillo e sucesivos, en comparación coas comunidades autónomas que presentan uns indicadores demográficos máis favorables.

1.4 / INICIATIVAS, INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN DE APOIO AO PLAN

DOCUMENTACIÓN DE APOIO

O PACTO DEMOGRÁFICO

**COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE
DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA**

ENQUISA SOBRE CAMBIO DEMOGRÁFICO E FAMILIA

ACTUACIÓNS E ACHEGAS DE EXPERTOS/AS ANTE OS RETOS DEMOGRÁFICOS

Documentación de apoio

A documentación de apoio ao Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, á que fai referencia este apartado, comprende aqueles documentos normativos e plans de actuación promovidos recentemente pola Xunta de Galicia e que son de interese para xustificar a pertinencia deste Plan.

Ademais da documentación de apoio á que imos referirnos neste apartado é importante tomar en consideración tamén:

- Os documentos promovidos pola Unión Europea, aos que fai referencia o apartado 2.1. A tendencia demográfica actual: marco conceptual e contexto do presente Plan.
- A documentación que indica o Anexo 3. Referencias normativas e documentais.

A documentación de apoio elaborada recentemente en Galicia e coa que contamos durante o proceso de elaboración do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, é a seguinte:

LEI 3/2011, DO 30 DE XUÑO, DE APOIO Á FAMILIA E Á CONVIVENCIA DE GALICIA	
TIPOLOXÍA	Legal
ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN	Xunta de Galicia/ Parlamento de Galicia
REFERENCIA DE PUBLICACIÓN	DOG, Nº 134 Data: mércores 13 de xullo de 2011
FINALIDADE PRINCIPAL	Esta lei ten por obxecto recoñecer a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os e as adolescentes.
OUTROS DATOS DE INTERESE	No Título Preliminar, Disposicións xerais desta Lei, o seu artigo 5º titulado: <u>Planificación estratéxica de axuda ás familias</u> , comprende a referencia directa ao desenvolvemento dun Plan de integral de apoio á familia e dun Plan integral de apoio á natalidade como instrumentos específicos de planificación estratéxica de axuda ás familias e de revitalización demográfica.

LEI 5/2010, DO 23 DE XUÑO, POLA QUE SE ESTABLECE E REGULA UNHA REDE
DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA

TIPOLOXÍA	Legal
ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN	Xunta de Galicia/ Parlamento de Galicia
REFERENCIA DE PUBLICACIÓN	DOG, Nº 127 Data: martes 6 de xullo de 2010
FINALIDADE PRINCIPAL	Esta lei ten como obxecto dispoñer dun marco xurídico de actuación da Xunta de Galicia no ámbito da protección e da atención social á maternidade dentro da liberdade de cada muller, establecer as medidas e actuacións encamiñadas a garantir e a preservar o dereito da muller xestante a culminar o seu embarazo, se así o decide.

Tamén é de interese, pola súa actualidade e referencia a algún dos obxectivos deste Plan, o Plan integral de apoio á muller embarazada 2012-2014, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de xaneiro de 2012, co obxectivo de poñer á disposición das xestantes un abano de recursos sociais, sanitarios e educativos que garantan o dereito á maternidade.

Analizando outros plans aprobados en Galicia ou a nivel de outras comunidades autónomas españolas, observamos que as referencias máis inmediatas ao Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, refírense a plans estratéxicos orientados ao apoio á familia e non atopamos ningunha referencia a documentos estratéxicos que traten de impulsar a demografía de maneira exclusiva.

No ámbito de apoio á familia, atopamos en Galicia o IV Plan integral de apoio ás familias galegas 2008-2011 e observamos que, por exemplo, o País Vasco acaba de aprobar o seu terceiro plan de apoio ás familias cunha vixencia ata o ano 2015. Dende unha perspectiva máis ampla, atopamos tamén a Axenda para a poboación de Castela e León 2010-2020, que se centra no problema da despoboación territorial e onde os apoios ás familias se unen a outros como a integración social das persoas inmigrantes, o apoio ao retorno de emigrantes castelán leoneses no estranxeiro ou a difusión da imaxe positiva de Castela e León.

Como xa indicabamos ao principio, ademais desta documentación de apoio, son de interese, tamén, aqueles documentos normativos e plans aprobados recentemente polo Goberno galego, con incidencia en algunhas das materias que aborda coa finalidade de promover a dinamización demográfica e apoiar ás familias, como poden ser os relativos a vivenda, emprego, etc.

O pacto demográfico

O reto da renovación demográfica é necesario para o futuro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o expresou o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, en recentes debates do estado da autonomía e que constituíu o acordo que deu lugar ao nacemento da Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia. Esta comisión non permanente desenvolveu a maior parte da súa actividade mediante reunións celebradas durante o ano 2011 destinadas a debater sobre como afrontar a cuestión demográfica.

Os traballos da comisión permitiron deixar unha guía para este goberno e os que sucedan. Unha guía para a dinamización demográfica que é fundamental para Galicia porque de non adoptarse medidas de maneira inmediata poderanse rexistrar considerables perdas de poboación no futuro e, en consecuencia, porase en perigo o propio corpo social e político desta comunidade autónoma.

Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia

Durante o ano 2012, puidemos asistir a un intenso traballo de debate e a un proceso de achegas ao abeiro das sesións celebradas no Parlamento de Galicia en relación á Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia dos que aportamos os seguintes datos:

1. O **interese e a sensibilización en relación ao problema demográfico actual** (envellecemento da poboación, perda de poboación, menos nacementos,...) por parte de:

- + Administracions públicas: Consellerías da Xunta de Galicia, FEGAMP, concellos a título individual, entre outras.
- + Entidades empresariais e organizacións sindicais. Por exemplo, CEG, UXT- Galicia ou CC.OO.
- + Entidades profesionais, como por exemplo: o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ou o Colexio Oficial de Traballo Social.
- + Entidades privadas: Asociación Galega de Familias Numerosas, Asociación de Familias Acolledoras, Asociación Galega de Pais e Nais Separados, entre outras.

E outras entidades e voces expertas que fixeron achegas durante as sesións da Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia.

2. A consideración de que **estamos ante un problema estrutural profundo**, que precisa da implicación de todos/as.

3. A **necesidade de seguir ampliando este traballo de estudo da situación** -que integra xa unha das fases de elaboración do Plan e algunha das súas medidas iniciais- incorporando novas perspectivas como, por exemplo, a opinión da xente moza.

4. A urxencia de definir **medidas concretas que traballen a diferentes niveis e con múltiples ópticas para unha verdadeira dinamización demográfica:**

a) **Sensibilizando sobre esta problemática e traballando en factores** como a consideración da maternidade/paternidade, unha maior integración dos fillos/as na sociedade e no desenvolvemento da vida profesional dos pais/nais, ou a xestión da corresponsabilidade nas familias.

b) Aportando **servizos públicos e axudas ás familias**, en materias clave como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a atención a persoas en situación de dependencia, axudas económicas, políticas fiscais, etc.

c) **Traballando de maneira transversal** con outras Consellerías, administracións públicas locais e supramunicipais para un maior aproveitamento de recursos e unha efectiva achega á dinamización demográfica:

- + Identificación e organización de competencias básicas en áreas con maior incidencia nesta materia (acceso á vivenda, o emprego, as oportunidades derivadas da dinamización do ámbito rural ...)
- + Reunións de traballo cos departamentos da administración pública autonómica e local con maior incidencia no obxectivo de promoción demográfica e con outros poderes públicos de Galicia (Parlamento ...),
- + Procesos de mellora para unha maior incidencia no fomento do crecemento demográfico dende estas institucións.
- + Ítems para o seguimento dos logros alcanzados.

d) Incorporando **compromisos conxuntos** con entidades representativas de ámbitos profesionais e sociais: empresarial (racionalización dos horarios laborais, flexibilidade horaria, conciliación, ampliación de permisos, mercado de traballo con oportunidades para o acceso ao emprego...), educativo (servizos de atención á infancia en universidades, maior conexión dos centros de formación co ámbito empresarial,...), servizos sociais comunitarios (recoñecemento da función social da familia, educación en corresponsabilidade...), entre outros.

Datos concluíntes que foron tomados en consideración e ampliados durante o proceso de elaboración do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

Enquisa sobre cambio demográfico e familia

O Goberno galego non parte dunha posición de expectativa ante a necesidade de impulsar a revitalización demográfica de Galicia, con carácter previo ao desenvolvemento do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, puxo en marcha iniciativas concretas que contribúen positivamente ao obxectivo da revitalización demográfica, como o incremento das prazas públicas de escolas infantís e de atención a persoas en situación de dependencia ou a participación no proxecto europeo DART (Declive, envellecemento e Transformación rexional), cofinanciado con fondos FEDER polo programa Interreg IVC, no que o Goberno galego participa xunto a outras administracións públicas e entidades europeas afectadas polo cambio demográfico e os seus efectos, entre outras.

Iniciativas á que se suma a enquisa sobre FAMILIA E CAMBIO DEMOGRÁFICO, promovida pola Consellería de Traballo e Benestar e elaborada durante último semestre do ano 2011.

Esta enquisa contou coa finalidade principal de coñecer mellor os factores impulsores e retractoros da maternidade e da paternidade en Galicia, dende as expectativas da poboación en idade fértil e as opinións das nais e pais galegos xa experimentados.

Un traballo que aportou datos de moito interese para un maior axuste do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 ás necesidades específicas da poboación galega.


A enquisa FAMILIA E CAMBIO DEMOGRÁFICO contou coa realización de 1.200 entrevistas a homes e mulleres de toda Galicia con idades comprendidas entre os 15 e os 65 anos de idade e impulsouse cos seguintes obxectivos principais:

1. Obter datos e opinións que constitúan unha fonte de inspiración e contido para as futuras políticas familiares, de apoio á familia.
2. Medir as cuestións globais que máis preocupan ás persoas enquisadas e identificar o nivel de importancia que o problema demográfico ocupa entre estas cuestións.
3. Identificar as expectativas de futuro en relación á maternidade/paternidade da poboación galega en idade fértil.
4. Rexistrar datos sobre o actual perfil das persoas galegas en idade fértil e as características dos seus núcleos familiares.
5. Detectar e analizar os principais factores que impulsan a decisión de ser nais/pais.
6. Detectar e analizar os principais factores que retraen a decisión de ser pais/nais.
7. Medir a incidencia de ámbitos como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou a atención á infancia na evolución da natalidade/fecundidade en Galicia.


8. Detectar as necesidades non cubertas en relación ao coidado dos fillos/as.

Presentamos, a continuación, as principais conclusións que ofreceu esta enquisa, apoiadas con gráficos relativos ás respostas da poboación entrevistada:

· **O problema demográfico actual, apenas é valorado polos/as galegos/as e mesmo queda eclipsado por outras cuestións de relevancia na opinión pública, consideradas de maior importancia como: “a creación de emprego”, os “criterios de actuación dos/as representantes políticos” ou o “cambio climático”.**




CÁL É A SEGUNDA OPCIÓN QUE TAMÉN É PRIORITARIA PARA AS PERSOAS QUE INDICAN “OS POCOS NACEMENTOS DE NENOS/AS”?
(% de respostas rexistradas)



· **Existe un modelo familiar moi consolidado cuantificado en “1 ou 2 fillos/as” e onde a maternidade/paternidade se considerada, fundamentalmente, unha decisión destinada ao cumprimento dun obxectivo persoal e que responde a un obxectivo que os galegos/as teñen preestablecido dende a adolescencia**


O 85,67% das persoas entrevistadas que son nais/pais teñen 1 ou 2 fillos.

Nº DE FILLOS/AS QUE SE TEÑEN
 % de respostas rexistradas entre persoas que son pais/nais




Case o 85,40% dos enquisados/as que aínda non son nais/pais manifestaron que lles gustaría ter 1 ou 2 fillos/as.

CANTOS FILLOS QUERE TER VOSTEDE NO FUTURO?
 % de respostas rexistradas entre AS PERSOAS QUE AINDA NON SON PAIS /NAIS




Por outra parte, a maior parte das persoas entrevistadas plantéxase ter fillos/as para cumprir un obxectivo persoal.

CALES SON OS FACTORES QUE IMPULSARON/PENSA QUE IMPULSARÍAN A SÚA DECISIÓN DE SER PAI/NAI?
(Multiresposta, máximo 2 opcións. Porcentaxe de respostas)



Se analizamos este dato por sexo observamos que este factor é o principal motivador tanto para mulleres como para homes.




• **As respostas da poboación galega reforzan as recomendacións da Unión Europea sobre a importancia de incidir en ámbitos como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou o emprego:**

+ A carencia de servizos para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

ocupa un lugar destacado entre aqueles que poden retraer a decisión da maternidade/paternidade, superando cunha grande distancia a outros factores como a vivenda ou os sacrificios ou preocupacións que os fillos/as poden significar.


+ O emprego, a estabilidade laboral, é considerado un factor impulsor da decisión da maternidade/paternidade.

CALES SON OS FACTORES QUE RETRAEN/PENSA QUE PODERÁN RETRAER A SÚA DECISIÓN DE SER PAI/NAI?
(Multiresposta, máximo 2 opcións. Porcentaxe de respostas)



• **As prioridades dos galegos/as para o coidado dos fillos/as son poder “contar con flexibilidade horaria” e “centros para favorecer a conciliación entre vida persoal, familiar e laboral”, pero non se rexistran respostas unánimes para indicar uns ingresos familiares mensuais que sexan determinantes na decisión da paternidade/maternidade.**

QUE ASPECTOS SON PRIORITARIOS PARA VOSTEDE OU PENSA QUE VAN SER PRIORITARIOS PARA VOSTE Á HORA DO COIDADO E ATENCIÓN DOS SEUS FILLOS/AS?
(Multiresposta, máximo 2 opcións. Porcentaxe de respostas)



- A conclusión expresada no punto anterior refórzase a través das opinións recollidas en relación ao que “os pais/nais deben darlle prioritariamente aos fillos/as”; onde, a vertente orientada a aspectos económicos expresada a través de opinións como “todas as facilidades para que teñen a vida resolta”, quedan nun plano significativamente inferior- cunha diferenza porcentual de 40 puntos- ás opinións centradas nos valores da familia como “un entorno familiar estable para que medren como persoas”.

- É importante reforzar a conexión entre “cuestións demográficas”, “cuestións laborais” e “política familiar” porque desa conexión é de onde saen moitos dos factores que inciden na decisión da maternidade/paternidade: estabilidade laboral, retraso da idade da maternidade, recursos prioritarios, etc.

Todos estes datos concluíntes da enquisa foron tomados en consideración e incorporados ao deseñar algunhas das medidas que contempla Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

Actuacións e achegas de expertos/as ante os retos demográficos

Durante o período de elaboración do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 seguiuuse a actualidade de Galicia coa finalidade de identificar non só as iniciativas promovidas polo Goberno galego con conexión (directa ou indirecta) ao problema demográfico, senón tamén as actuacións e achegas en materia demográfica realizadas por voces expertas de maneira individual ou a través de comunicacións emitidas ou xornadas organizadas dende entidades de referencia.

Este seguimento realizouse a través da análise de:

- + Comunicacións emitidas dende a propia páxina web da Xunta de Galicia.
- + Reportaxes e novas publicadas a través dos medios de comunicación: prensa escrita, radio, TV, prensa en edición dixital, etc.
- + Axenda de entidades de referencia (EGAP, IGE, universidades, etc.).

Deste traballo de análise destacamos as seguintes cuestións:

· En outubro do ano 2011, a EGAP organizou as xornadas sobre: DEMOGRAFÍA E ENVOLVEMENTO. Claves para unha política da inversión das inercias demográficas en Galicia, que contaron coa intervención de máis de dez representantes e expertos da administracións públicas galegas, das universidades galegas, de fundacións, asociacións e entidades do ámbito social, económico e familiar.

Estas xornadas ofreceron datos estatísticos moi significativos sobre a grande incidencia que o problema demográfico ten na actualidade e para o futuro de Galicia, aportáronse datos estatísticos sobre a situación demográfica en Galicia e a súa comparativa con outros territorios a nivel estatal e europeo e, dende perspectivas diferentes, apuntáronse opinións e propostas de traballo para a solución deste problema a curto e longo prazo.

· En decembro do ano 2011 o Instituto Galego de Estatística facía públicos os datos sobre o crecemento vexetativo da poboación galega e proxeccións de poboación de cara ao ano 2021. Datos que constituíron unha chamada de atención sobre a urxencia e a necesidade de intentar frear o declive demográfico en xeral e cuestións específicas como o despoboamento que afecta especialmente a zonas do interior de Lugo e Ourense.

· En xaneiro do ano 2012 e, probablemente, en conexión cos datos publicados polo IGE e INE os medios de comunicación galegos publicaron unha importante cantidade de novas relativas á cuestión demográfica, que recollían as opinións de voces expertas emitidas dende entidades como as universidades galegas, nas que se sinalaban diferentes interpretacións e liñas de traballo como, por exemplo: a importancia de aplicar medidas de apoio ao terceiro fillo/a, o apoio ao desenvolvemento económico de sectores como a

agricultura ou a gandería ou o reforzo dos servizos de apoio á cidadanía.

Actuacións e achegas que, tamén, foron incorporadas e traballadas durante o proceso de elaboración do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

2

*PLAN PARA A DINAMIZACIÓN
DEMOGRÁFICA DE GALICIA
2013-2016, HORIZONTE 2020*

2.1 PRINCIPIOS REITORES DO PLAN

O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 baséase na necesidade urxente e imprescindible de traballar en favor da revitalización demográfica, para garantir a sostibilidade demográfica, socioeconómica e sociocultural da Comunidade Autónoma de Galicia. O capital humano é o máis importante para un territorio, é o motor do desenvolvemento social e económico.

O Plan toma como bases:

a) **A REALIDADE SOCIODEMOGRÁFICA.** Toma en consideración factores relativos á realidade social de Galicia, como por exemplo:

- + A estrutura poboacional, a idade media á maternidade, o acollemento aos permisos por maternidade/paternidade, a evolución dos nacementos segundo o ámbito territorial no que estes se produzan (urbano- rural, interior- costa ...).
- + O número de fillos/as por muller en idade fértil, tomando como referencia criterios de progresividade que fagan especial fincapé no impulso dos segundos fillos e sucesivos, co obxectivo de dar unha axeitada resposta á realidade diferencial que presenta Galicia con respecto a outras comunidades autónomas do Estado neste factor e recoller algunhas das opinións e recomendacións de expertos destacados na materia.
- + Ou o ámbito territorial e competencial da Administración pública galega, entre outros.

Aos efectos de ofrecer unha resposta eficaz ás necesidades reais dos diferentes segmentos da sociedade galega, e coa finalidade de adaptar mellor a implementación das medidas do Plan ás respostas que cada administración e cada grupo poboacional pode ofrecer en favor da revitalización demográfica.

b) **A ACTUALIDADE NORMATIVA**

O problema demográfico actual afecta a Galicia, ao conxunto de comunidades autónomas españolas e ao conxunto de Europa en termos xerais. É por isto que dende as administracións públicas, a todos os niveis, se están publicando documentos normativos e recomendacións en materia de revitalización demográfica. Un dos exemplos máis significativos e recentes é o DITAME publicado polo Comité Económico e Social Europeo titulado: O papel da política familiar no cambio demográfico: compartir as mellores prácticas entre os Estados membros (Bruxelas, 4 de maio de 2011). A consideración da actualidade normativa é básica para o fomento da dinamización demográfica segundo os dereitos e principios do marco normativo actual.

En Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia prevé no seu artigo 5 o desenvolvemento Plan integral de apoio á natalidade, como instrumento de planificación estratéxica para a revitalización demográfica. O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 ven dar resposta a esta previsión normativa.

O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 fundaméntase en **cinco principios reitores** que inspiran as propostas de actuación que contempla. Son os seguintes:

1. SENSIBILIZACIÓN

O Plan elaborouse baixo o principio de situar a delicada situación demográfica actual ao nivel de prioridades sobre as que debe traballar a estratexia política actual. Ofrecendo unha información clara sobre a situación demográfica de Galicia e sensibilizando e obtendo a implicación da poboación galega, sociedade política, as administracións públicas e as entidades privadas para abordar a problemática da non garantía do relevo xeracional.

2. IGUALDADE

Neste Plan recoñécese e respectarase a igual dignidade de homes e mulleres, a igualdade dos seus dereitos e a súa corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, no coidado e na educación dos fillos e as fillas, dos e as ascendentes e das persoas ao seu cargo.

Favorece a igualdade de oportunidades dos homes e das mulleres no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

3. PROTECCIÓN DA FAMILIA

O Plan contempla a protección integral da familia, impulsando medidas necesarias para evitar toda discriminación desta ou dos seus membros por razón do seu propio carácter, na orde económica e social.

4. PARTICIPACIÓN E COOPERACIÓN

Este Plan pretende sustentar unha nova estratexia que reúne a participación e a cooperación das administracións públicas de referencia no ámbito demográfico e de promoción da familia, das entidades privadas destes ámbitos ou de outros ámbitos aos que o envellecemento poboacional afecta de maneira directa ou transversal (social, cultural, económico, veciñal, educativo, xurídico...) e a achega de voces expertas en materia demográfica ou de apoio á familia.

O Plan recolle opinións, referencias documentais, necesidades e propostas emitidas dende diferentes ámbitos da realidade pública e social de Galicia en relación á dinamización demográfica, como por exemplo: as sesións parlamentarias da Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia, celebradas durante o ano 2011; ou, entre outras, as intervencións recollidas durante as xornadas sobre Demografía e desenvolvemento. Claves para unha política de inversión das inercias demográficas en Galicia, celebradas na EGAP en outubro de 2011.

5. DIMENSIÓN TRANSVERSAL

O Goberno galego sabe que a revitalización demográfica de Galicia é un obxectivo estrutural, que depende de múltiples factores e que precisa do esforzo conxunto de todas as institucións públicas e de todos os galegos e as galegas. De aí que impulse un plan no que a revitalización demográfica adopta unha dimensión transversal.

Todas as administracións son competentes en materia demográfica. A decisión de ter e criar fillos/as afecta ao ámbito persoal e familiar, e a dimensión familiar debe considerarse

de forma transversal en todas políticas autonómicas, estatais, europeas, porque a maior parte das políticas internas dos Estados e das comunidades autónomas, afectan directamente ás familias ou inflúen nelas.

O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 constitúe, polo tanto, a peza central dunha estratexia política de evolución demográfica que vai requirir do impulso de todas as administracións públicas e entidades privadas de Galicia e dun compromiso firme e sólido, invariable no tempo e fronte a calquera cambio de goberno.

2.2 | ESTRUCTURA XERAL DO PLAN

O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 presenta unha organización estrutural que pretende ser de fácil comprensión, operatividade e manexo. De aí que o conxunto de medidas que establece o Plan encaixen en Areas de intervención diferenciadas, o que facilita a comprensión do Plan e a localización das medidas segundo a/s área/s de interese. Ademais das áreas de intervención e as medidas, estes son os elementos estruturais do Plan:

OBXECTIVO PRINCIPAL

Constitúe a principal xustificación do Plan, a idea estrutural que articula a súa proposta de desenvolvemento.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Definen os ámbitos nos que é necesario incidir para corrixir as tendencias demográficas actuais. Establecen prioridades de acción e orientan o alcance de cada medida que impulsa o Plan.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN

O Plan define catro áreas de intervención que establecen as prioridades do Goberno galego en materia de dinamización demográfica. As catro áreas diferenciadas e complementarias sobre as que é necesario incidir para contribuír á dinamización demográfica. Cada área de intervención engloba diferentes medidas, polo que as áreas de intervención constitúen os eixos centrais sobre os que se articula o Plan.

MEDIDAS

Accións e propostas, concretas e medibles, destinadas á consecución dos obxectivos previstos, mediante un efecto complementario entre elas ou a través do efecto acumulativo dos resultados que cada unha logre individualmente.

As medidas son presentadas no Plan a partir da seguinte información:

- + **Descrición:** presenta os obxectivos, a orientación e/ou as liñas de traballo que establece cada medida.
- + **Indicadores:** destinados a medir o grao de cumprimento de cada actuación e, en consecuencia, os resultados acadados polo Plan ao final da súa vixencia. Son variables significativas que permitirán realizar un seguimento permanente de cada medida, coñecer a realización efectiva de cada unha delas e avaliar o seu impacto.
- + **Calendario:** establece unha estimación da anualidade ou anualidades nas que se implementará cada medida.
- + **Entidades promotoras e colaboradoras:** este apartado identifica aos departamentos da Xunta de Galicia que acompañarán á Dirección Xeral de Familia e Inclusión na execución do Plan ou cos que se considera prioritario colaborar ao ser competente/s para impulsar e/ou executar cada medida, así como departamentos da administración a nivel local ou estatal e outro tipo de entidades con competencias en cada ámbito de actuación.

2.3 OBXECTIVOS E ÁREAS DE INTERVENCIÓN

O OBXECTIVO PRINCIPAL do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 é:

Promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ranquin das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillos/as por muller que se rexistra en Galicia ata achegarse á media europea situada en 1,59 fillos/as por muller.

Para lograr este obxectivo principal o Plan establece todo un conxunto de OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS que se porán en práctica a través de catro ÁREAS DE INTERVENCIÓN.

As ÁREAS DE INTERVENCIÓN do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 foron definidas en virtude dos ámbitos que se consideran prioritarios para contribuír á dinamización demográfica e segundo as necesidades específicas dos diferentes grupos de poboación que poden contribuír a que a dinamización demográfica sexa unha realidade.

Son áreas de intervención que inciden na necesidade e na importancia de:

- + Sensibilizar ao conxunto da poboación galega sobre a necesidade de mellorar as expectativas demográficas.
- + Ofrecer apoio socioeconómico ás persoas que toman a decisión da maternidade/paternidade.
- + Mellorar a calidade de vida dos/as pais/nais e dos seus fillos/as e apoiar que cada persoa teña os fillos/as que desexa ter.
- + Impulsar actuacións conxuntas das administracións públicas e da sociedade civil para favorecer a dinamización demográfica de Galicia.

Indicamos, na seguinte táboa, as áreas de intervención e os obxectivos estratéxicos previstos no Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020:

Área de intervención 1. SENSIBILIZACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

As previsións á baixa do crecemento demográfico galego sitúannos ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar. Un problema sobre o que se perciben determinadas consecuencias pero do que aínda non está suficientemente considerada a súa dimensión. Por iso, a primeira das áreas de intervención do Plan para a dinamización

demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, vai destinada á necesaria SENSIBILIZACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA. Unha sensibilización que pretende mobilizar ao conxunto da sociedade galega no obxectivo da recuperación demográfica.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Obxectivo estratéxico 1. **Aumentar a valorización do problema demográfico.**
- Obxectivo estratéxico 2. **Fomentar o valor social das familias en todas as súas modalidades.**
- Obxectivo estratéxico 3. **Traballar sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica.**

Área de intervención 2. IMPULSO SOCIOECONÓMICO Á MATERNIDADE/PATERNIDADE

Os resultados da enquisa amosan que a decisión da maternidade/paternidade responde fundamentalmente a un obxectivo persoal que se sustenta, maioritariamente, nunha idea preconcebida do número de fillos/as que se queren ter e/ou adoptar e que, maioritariamente tamén, se sitúa nun número máximo de dous fillos/as.

Non obstante, os estímulos socioeconómicos teñen un valor importante na decisión da maternidade/paternidade e os apoios neste ámbito son valorados positivamente polas persoas que deciden ter e/ou adoptar fillos/as.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar o acceso a estímulos económicos que apoiem a decisión da maternidade/paternidade.**
- Obxectivo estratéxico 2. **Incrementar e fortalecer a rede de recursos de información, asesoramento e acompañamento ás/aos nais/pais.**
- Obxectivo estratéxico 3. **Fomentar a aplicación de apoios socioeconómicos dende o ámbito empresarial.**

Área de intervención 3. APOIO ÁS FAMILIAS

Ademais de ofrecer apoio socioeconómico á decisión da maternidade/paternidade é importante chegar e, de ser posible, superar o relevo xeracional establecido en 2,1 fillos/as por muller en idade fértil. Polo que é moi importante apoiar ás persoas que deciden ter e/ou adoptar dous e máis fillos/as, non unicamente no momento da decisión de cada maternidade/paternidade, senón durante os diferentes momentos no coidado e a crianza dos fillos/as.

Favorecendo a calidade de vida das familias, no seu conxunto, e de todos os seus membros, en particular.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Obxectivo estratéxico 1. **Ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.**
- Obxectivo estratéxico 2. **Fortalecer, fomentar e apoiar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, das familias en todas as súas modalidades e dos seus membros.**
- Obxectivo estratéxico 3. **Favorecer o acceso, cambio ou mellora da vivenda.**
- Obxectivo estratéxico 4. **Facilitar o acceso ao transporte e a mobilidade das familias.**
- Obxectivo estratéxico 5. **Potenciar o desenvolvemento sociocultural e a calidade de vida dos/as nenos/as, das familias e os seus membros.**
- Obxectivo estratéxico 6. **Potenciar o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas como fórmula para o fomento da continuidade demográfica.**
- Obxectivo estratéxico 7. **Facilitar a integración social e laboral de persoas inmigrantes e retornadas.**

Área de intervención 4. COORDINACIÓN INTERDEPARTAMENTAL E TRANSVERSALIDADE

Esta área de intervención ten como foco garantir que os obxectivos e as medidas do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 van ser suficientemente coñecidos, que o crecemento demográfico se incorpora de maneira transversal ao conxunto de políticas impulsadas dende Galicia e que se promoven estratexias de cooperación conxunta entre a Administración autonómica, as Administracións locais e toda a sociedade aos efectos de promover accións relativas ás medidas nel recollidas. Esta cuarta área de intervención, pretende converter ao crecemento demográfico nunha prioridade política.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.**

Obxectivo estratéxico 2. **Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares, que fagan posible a transversalidade do obxectivo de rexeneración demográfica a todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia.**

Obxectivo estratéxico 3. **Impulsar o Modelo Territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento económico.**

2.4 / ACTUACIÓNS DO PLAN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA 2013-2016, HORIZONTE 2020

Área de intervención 1.

SENSIBILIZACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Área de intervención 2.

IMPULSO SOCIECONÓMICO Á MATERNIDADE/PATERNIDADE

Área de intervención 3.

APOIO ÁS FAMILIAS

Área de intervención 4.

COORDINACIÓN INTERDEPARTAMENTAL E TRANSVERSALIDADE

Área de intervención 1.

Sensibilización para a dinamización Demográfica

As previsións á baixa do crecemento demográfico galego, do conxunto de España e do conxunto de Europa, en xeral, sitúannos ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar.

Un problema sobre o que se perciben determinadas consecuencias como, entre outras, o envellecemento poboacional ou o despoboamento en determinados territorios, pero do que aínda non está suficientemente considerada a súa dimensión. Na actualidade en Galicia o índice de dependencia global é de 50,7, é dicir por cada 100 persoas potencialmente activas hai máis de 50 potencialmente dependentes. Cada dúas persoas activas soportan a unha inactiva. Unha dimensión que ademais de contar cunha perspectiva global ten tamén unha perspectiva individual, dende o punto de vista da maneira en que a cada persoa nos pode afectar e do que cada un de nós pode aportar á solución desta situación. É urxente aportar solucións e é necesario facelo, ademais, dende unha perspectiva integral e multidisciplinar.

Traballar en favor do crecemento demográfico é fundamental porque Galicia pode rexistrar grandes perdas de poboación no futuro. O tempo esgótase porque o que está en perigo é o propio corpo social e político desta comunidade autónoma.

É por isto que, a primeira das áreas de intervención do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, vai destinada á necesaria SENSIBILIZACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA. Unha sensibilización que pretende mobilizar ao conxunto da sociedade galega no obxectivo da recuperación demográfica, a partires:

- + Dunha perspectiva de intervención integral.
- + Da necesaria responsabilidade compartida en relación á súa consecución
- + Da verdadeira consideración da dimensión do problema demográfico.
- + E, incorporando a perspectiva da xuventude.

Segundo esta liña de traballo, o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 establece como finalidade principal da súa primeira área de intervención a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Obxectivo estratéxico 1. **Aumentar a valorización do problema demográfico.**
- Obxectivo estratéxico 2. **Fomentar o valor social das familias, en todas as súas modalidades.**
- Obxectivo estratéxico 3. **Traballar sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica.**

As medidas que se prevén para a consecución dos obxectivos que definen a área de intervención 1, SENSIBILIZACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA, son as que se recollen a continuación.

Obxectivo estratéxico 1. Aumentar a valorización do problema demográfico.

Medida 1. Campañas de sensibilización para o fomento do crecemento demográfico e a valorización positiva da maternidade/paternidade

Descrición

Desenvolvemento de campañas de sensibilización nas que se sitúe ao problema demográfico ao nivel de outras problemáticas sobre as que se traballa na sociedade actual, que contribúan a difundir as dimensións deste problema e que logren unha **maior concienciación e suma de esforzos para o fomento do crecemento demográfico**. Fomentando aspectos fundamentais como a perspectiva interxeracional e a importancia da rede de apoio social informal.

As campañas de sensibilización irán precedidas dun proceso de deseño da imaxe do Plan e dun lema representativo destinado a todas as accións de presentación do Plan ou á presentación de medidas concretas do mesmo.

Indicadores

- Imaxe e lema representativo do Plan.
- No de campañas desenvolvidas.
- Medios de difusión utilizados.
- No de persoas destinatarias (H/M).

Entidades promotoras e colaboradoras:

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia da Xunta de Galicia)

Medida 2. Mesas de traballo e convenios con medios e axencias de comunicación

Descrición

Posta en marcha de accións de carácter informativo e divulgativo materializadas en mesas de traballo, convenios de colaboración, reunións informativas e de sensibilización con responsables e persoal técnico de medios de comunicación e axencias de comunicación e publicidade coa finalidade de:

- Acordar a **promoción en positivo da maternidade/paternidade**, de aquelas temáticas relacionadas directa ou indirectamente coa maternidade/paternidade.
- Contribuír á **difusión do valor que ten a maternidade/paternidade, non só a nivel persoal, senón para a sociedade**.
- Preparar **documentos para insercións en prensa**.
- Realizar **asesoramentos para a emisión de anuncios publicitarios e campañas acordadas ao fomento da natalidade**.
- Etc.

Indicadores

- Nº de mesas de traballo e reunións celebradas.
- Nº de convenios asinados.
- Nº de entidades participantes: medios de comunicación, axencias de publicidade, colexios profesionais, empresas de comunicación, etc.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia da Xunta de Galicia)

Obxectivo estratéxico 2. Fomentar o valor social das familias, en todas as súas modalidades.

Medida 1. Accións informativas destinadas a mozos/as

Descrición

Organización de **talleres e desenvolvemento de ferramentas informativas** destinadas a mozos/as, a través dos que se lles explique de maneira específica:

- O **problema demográfico actual**.
- A dimensión real da paternidade/maternidade: obrigas, corresponsabilidade e conciliación, estimacións de gasto, parentalidade positiva, prevención de situacións de violencia intrafamiliar, diversidade de modelos de familia, etc. Mediante datos obxectivos, contrastados e amplos.
- A importancia do **intercambio interxeracional**.
- Os **diferentes modelos e tamaños de familia**.
- O **catálogo de recursos e servizos de apoio** á maternidade/paternidade que funcionan a nivel autonómico, local e estatal.

Indicadores

- N° de talleres realizados.
- N° de ferramentas informativas desenvolvidas e nº de exemplares difundidos.
- Catálogo de recursos e servizos de apoio.
- N° de mozos/as beneficiarios (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Medida 2. Guía informativa sobre recursos e servizos de apoio á maternidade/paternidade

Descrición

Elaboración e actualización anual dunha ferramenta informativa destinada ao conxunto da poboación na que se recolla, de maneira ampla e ordenada, **información detallada sobre os principais recursos e servizos de apoio á maternidade/paternidade**, de promoción autonómica, local ou estatal.

Esta ferramenta informativa prestará especial atención aos recursos dispoñibles para as mulleres xestantes e as familias con nenos/as menores de 3 anos.

Indicadores

- N° de exemplares publicados e distribuídos.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- FEGAMP
- Ministerio de Empleo y Seguridad Social
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Medida 3. Estudo sobre factores protectores e factores de risco no crecemento demográfico

Descrición

Elaborarase un estudo promovido dende unha **perspectiva multidisciplinar** que permita identificar os **factores protectores e os factores de risco no crecemento demográfico, os elementos impulsores e retratores** da decisión da maternidade/paternidade, as **propostas e iniciativas que impulsarían a creación de novas familias: coa perspectiva social e económica e coas opinións específicas dos mozos/as.**

Indicadores

- Estudo realizado.
- Nº de factores identificados.
- Nº de iniciativas propostas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Instituto Galego de Estatística (IGE)

Medida 4. Información e asesoramento técnico ás empresas sobre a protección das traballadoras embarazadas, en situación de parto recente ou lactación

Descrición

Accións de información e asesoramento ás empresas sobre a aplicación da normativa de prevención de riscos laborais en relación aos riscos e medidas a adoptar nas situacións de embarazo, parto recente ou lactación das traballadoras. Estas accións acompañarán a todas as actuacións de asesoramento ou comprobatorias que realicen os técnicos do ISSGA nas empresas e centros de traballo, de acordo coa súa planificación anual de visitas a empresas. As empresas seleccionaranse polo sector de actividade ao que pertencen ou polo elevado nivel de riscos específicos.

O asesoramento técnico centrarase nas condicións de traballo que podan influír negativamente na saúde das traballadoras embarazadas, en situación de parto recente ou lactación así coma nas medidas que se deben adoptar co obxecto de facer efectiva unha maternidade segura e saudable no traballo.

Indicadores

- Nº de actuacións de asesoramento desenvolvidas

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 5. Material divulgativo sobre a avaliación de riscos e a protección da maternidade no traballo

Descrición

Difusión e elaboración de documentos informativos sobre as condicións de traballo que podan influír negativamente na saúde das traballadoras embarazadas, en situación de parto recente ou lactación así coma a posta a disposición dos diferentes axentes implicados de recomendacións para a identificación e avaliación dos riscos e a posta en marcha das correspondentes medidas preventivas.

Indicadores

- N° de documentos informativos
- N° de exemplares distribuídos

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Consellería de Traballo e Benestar)

Obxectivo estratéxico 3. Traballar sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica.

Medida 1. Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico

Descrición

Establecemento dun **protocolo de traballo permanente e en rede** que abrangue ao persoal técnico e a responsables de diferentes departamentos das administracións públicas, identificando e organizando competencias básicas interdepartamentais con efectos positivos no fomento do crecemento demográfico.

Establecendo reunións de traballo cos departamentos da administración pública con maior incidencia no obxectivo de promoción demográfica e con outros poderes públicos de Galicia (Parlamento, FEGAMP, Sistema Universitario ...), definindo procesos de mellora para unha maior incidencia no fomento da dinamización demográfica dende estas institucións e promovendo ítems para o seguimento dos logros alcanzados.

Esta comisión organizarase en grupos de traballo que:

- Definirán e aplicarán aqueles **indicadores que permitan medir as variables demográficas ou a dimensión demográfica** en relación aos seus ámbitos de competencia.
- Afondarán na **detección de indicadores de alarma**.
- Establecerán **indicadores específicos para medir a evolución demográfica no ámbito rural**.
- Definirán **iniciativas conxuntas** para o fomento do crecemento demográfico.

Indicadores

- N° de reunións celebradas.
- Ferramentas/protocolos de medición e seguimento establecidos.
- N° de iniciativas conxuntas promovidas.
- N° de persoas participantes (H/M).
- Tipoloxía dos departamentos e entidades participantes.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros departamentos e Consellerías da Xunta de Galicia
- Consello Galego de Estatística
- Instituto Galego de Estatística (IGE)
- Parlamento de Galicia
- FEGAMP
- Deputacións provinciais
- Universidades e centros de investigación social

Medida 2. Congresos internacionais sobre dinamización demográfica: visión 2020

Descrición

Establecemento dun espazo destinado a sumar e difundir as achegas que voces expertas de diferentes países realicen sobre a dinamización demográfica e será, tamén, a ocasión para **intercambiar e coñecer de primeira man iniciativas sobre dinamización demográfica** impulsadas con éxito en outros territorios europeos.

Indicadores

- Nº de voces expertas congregadas.
- Nº de iniciativas intercambiadas.
- Nº de persoas asistentes (H/M)

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 3. Publicación periódica sobre o valor dos/as fillos/as

Descrición

Elaboración dunha publicación de difusión periódica sobre **o valor da crianza dos fillos/as dende as perspectivas: económica, afectiva, de dedicación temporal**. Porque para lograr a mobilización da sociedade en favor do crecemento demográfico será preciso transmitirle **información clave e cotiá**.

Esta publicación será actualizada cunha periodicidade anual e será difundida ao conxunto da poboación.

Indicadores

- Publicación realizada.
- No de edicións.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)

Área de intervención 2. *Impulso socioeconómico á maternidade/ paternidade*

Segundo os resultados da enquisa sinalados con anterioridade a decisión da maternidade/paternidade responde fundamentalmente a un obxectivo persoal que se sustenta, maioritariamente, nunha idea preconcebida do número de fillos/as que se queren ter e/ou adoptar e que, maioritariamente tamén, se sitúa nun número máximo de dous fillos/as. Idea que, finalmente, queda establecida na taxa de fecundidade de 1,08 fillos/as por cada muller en idade fértil, que temos actualmente en Galicia e que queda un punto por debaixo da taxa que garante o relevo xeracional establecida en 2,1 fillos/as por muller en idade fértil.

Non obstante, os estímulos socioeconómicos teñen un valor importante na decisión da maternidade/paternidade e os apoios neste ámbito son valorados positivamente polas persoas que deciden ter e/ou adoptar fillos/as.

Polo que, a segunda das áreas de intervención do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, vai destinada ao impulso socioeconómico á maternidade/paternidade.

Un impulso que este plan establece dende tres perspectivas:

- + Estímulos económicos e laborais asociados ao nacemento e a crianza de fillos/as.
- + Consolidación dunha rede de recursos para a información, o asesoramento e acompañamento ás/aos nais/pais.
- + Implicación do sector empresarial por medio de descontos e accións positivas destinadas ás persoas con fillos/as.

Segundo esta liña de traballo, o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 establece, para esta segunda área de intervención, os seguintes obxectivos estratéxicos:

Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar o acceso a estímulos económicos que apoien a decisión da maternidade/paternidade.**

Obxectivo estratéxico 2. **Incrementar e fortalecer a rede de recursos de información, asesoramento e acompañamento ás/aos nais/pais.**

Obxectivo estratéxico 3. **Fomentar a aplicación de apoios socioeconómicos dende o ámbito empresarial.**

As medidas que se prevén para a consecución destes obxectivos estratéxicos son as que se recollen a continuación.

Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar o acceso a estímulos económicos que apoiem a decisión da maternidade/paternidade.**

Medida 1. Reforzo dos estímulos económicos vinculados ao nacemento e crianza dos/as fillos/as

Descrición

Mellora das axudas destinadas actualmente a esta finalidade e establecemento de novos estímulos orientados a atender outras circunstancias non cubertas ata o de agora:

- Nacemento/adopción e acollemento preadoptivo.
- Nacemento, adopción e acollemento preadoptivo múltiple.
- Apoio económico a persoas con fillos/as ou menores a cargo.
- Estímulos económicos para casos de adopcións nacionais e internacionais.

Na aplicación desta medida teranse en conta criterios de progresividade entre eles: nivel de renda e o número de fillos/as que integran a unidade familiar e circunstancias especiais como a discapacidade. Asemade, prestarase especial atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica.

Indicadores

- Nº de axudas e contía.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).
- Nivel de satisfacción das nais e pais.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Facenda

Medida 2. Promoción de axudas destinadas a cubrir necesidades asociadas ao coidado das/os fillos/as que teñen incidencia no ámbito laboral

Descrición

Promoción de axudas relativas a situacións de excedencia ou redución de xornada, mediante:

- Incremento do importe das axudas e da contía dos orzamentos destinados a esta finalidade.
- Desenvolvemento de accións de difusión que fomenten un maior coñecemento destas axudas por parte de persoas potencialmente beneficiarias.

Indicadores

- Nº de persoas beneficiarias (H/M).
- Nº de axudas promovidas e contías.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Traballo e Benestar
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- INSS (Ministerio de Empleo y Seguridad Social)

Medida 3. Promover que o coidado dos/as fillos/as compute aos efectos do cálculo de prestacións da Seguridade Social

Descrición

Fomento, ante os organismos competentes en materia de Seguridade Social, da asignación automática dos períodos de tempo destinados ao coidado dos fillos/as como períodos cotizados aos efectos de dereitos de pensión.

Indicadores

- Períodos de tempo asignados.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Traballo e Benestar
- INSS (Ministerio de Empleo y Seguridad Social)

Obxectivo estratéxico 2. Incrementar e fortalecer a rede de recursos de información, asesoramento e acompañamento ás/aos nais/pais.

Medida 1. Ampliación da especialización, calidade e accesibilidade dos servizos de información, asesoramento e acompañamento

Descrición

Promoción de iniciativas como as seguintes:

- Promoción de accións de **coordinación e desenvolvemento de servizos de información, asesoramento e acompañamento.**
- Desenvolvemento de **accións formativas sobre xestión da calidade** para as persoas responsables destes servizos.
- **Formación/información** destinada a profesionais destes servizos **sobre a aplicabilidade das novas tecnoloxías de información e da comunicación (TIC) ao funcionamento interno destes servizos** (control, seguimento, avaliación, intercomunicación ...) **e á maior accesibilidade** por parte das persoas usuarias (resolución de consultas on-line, envío de comunicacións ...).
- **Reunións informativas destinadas á actualización e á mellora continua** do desempeño profesional nos servizos de información, asesoramento e acompañamento.
- **Valoración da implantación de sistemas de xestión da calidade** que melloren o funcionamento destes servizos.

Indicadores

- Nº de iniciativas formativas/informativas desenvolvidas.
- Nº de profesionais participantes (H/M), con cuantificación en Internet.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral Técnica (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Medida 2. Priorización e mellora dos recursos sanitarios destinados a persoas que queren ser/que son nais/pais

Descrición

- **Revisión do funcionamento, atención integral e redución dos tempos de atención** a persoas que acoden ao sistema sanitario para solucionar algún problema relacionado coa súa dificultade para ter fillos/as.
- Desenvolvemento de **accións formativas para os/as profesionais sanitarios en relación á atención a mulleres xestantes e non xestantes** en circunstancias especiais, como pode ser en risco de exclusión social, **e ferramentas informativas sobre temas de interese para as mulleres xestantes** como por exemplo: a planificación do embarazo.
- **Ampliación dos servizos de atención ao embarazo, parto e puerperio:** ofrecendo diferentes opcións para que poida elixir, fomentando a participación da parella ou persoa da súa confianza para acompañala no proceso, etc.
- Priorización nas consultas a nais e pais con fillos menores de 15 anos e familias numerosas.

Indicadores

- Nº de accións formativas.
- Nº de ferramentas informativas.
- Nº de servizos.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Sanidade

Medida 3. Apoio á poboación en xeral e ás persoas interesadas na adopción ou no acollemento familiar

Descrición

- **Difusión e información** sobre a adopción.
- **Preparación para a adopción e o acollemento familiar: apoio emocional e psicolóxico para a toma de decisións.**
- **Asesoramento personalizado integral, seguimento permanente de cada caso** durante todas as fases do procedemento de adopción **e prestacións económicas** destinadas ao apoio á adopción, unha vez esta se teña producido.

Indicadores

- Nº de accións de difusión e información desenvolvidas.
- Nº de accións de asesoramento personalizado desenvolvidas.
- Nº de prestacións económicas concedidas.
- Nº de adopcións formalizadas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)

Obxectivo estratéxico 3. **Fomentar a aplicación de apoios socioeconómicos dentro do ámbito empresarial.**

Medida 1. Sensibilización do sector empresarial para a aplicación de tarifas de tipo social

Descrición

Posta en marcha de accións de sensibilización ao empresariado sobre a importancia de favorecer ás persoas con fillos/as, mediante a aplicación de tarifas sociais, coa finalidade de chegar en maior medida a consumidores/as de importancia como son as persoas con fillos/as, pola súa relevancia debido ao número de produtos que adquiren e pola súa presenza habitualmente estable/prolongada nun territorio. Organizaranse sesións divulgativas destinadas a empresarios/as nas que se fomentará o incremento de tarifas de tipo social aplicadas aos seus servizos/productos e se exporán resultados de experiencias anteriores como as tarifas sociais aplicadas en relación ao subministro eléctrico ou as experiencias en tarificación social aplicadas por empresas privadas, como coñecidas cadeas de supermercados.

Fomentarse que as tarifas sociais vaian directamente ligadas ao número de fillos/as, ás familias de especial consideración (monoparentais, numerosas...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica, ademais doutros criterios considerados de interese.

Indicadores

- N° de sesións divulgativas realizadas.
- N° de empresarios/as participantes (H/M).
- N° de iniciativas promovidas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria

Medida 2. Promoción de medidas destinadas ao fomento da igualdade e axudas á conciliación da vida familiar e laboral nas pemes de Galicia

Descrición

Esta medida constará de dous enfoques fundamentais e complementarios:

- Fomentar a continuidade das axudas económicas a pemes para a implantación de Plans de Igualdade nos termos e nos ámbitos definidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, subvencionando os gastos relativos a:
 - Realización de diagnoses da realidade da empresa desde a perspectiva de xénero
 - Asistencia a cursos de formación en materia de Plans de igualdade, do persoal directivo e/ou mandos intermedios da empresa
 - Ou, entre outras medidas, a contratación de persoas con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade.
- Fomentar a contuidade das axudas para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, que estean pensadas para as empresas (pemes) que, de xeito individual ou mancomunado, poñan en marcha medidas de conciliación, como medidas como a subvención dos gastos destinados a habilitar servizos de comedor, escola infantil, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, entre outras medidas co fin de garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Indicadores

- N° de axudas concedidas.
- N° de empresarios/as participantes (H/M).
- N° de iniciativas promovidas en relación aos Plans de igualdade.
- N° de iniciativas promovidas especificamente para fomentar a conciliación da vida familiar e laboral.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria

Área de intervención 3.

Apoio ás familias

Ademais de ofrecer apoio socioeconómico á decisión da maternidade/paternidade é importante chegar e, de ser posible, superar o relevo xeracional establecido en 2,1 fillos/as por muller en idade fértil. Polo que é moi importante apoiar ás persoas que deciden ter e/ou adoptar fillos/as, especialmente a aquelas persoas que deciden ter dous e máis fillos/as, non unicamente no momento da decisión de cada maternidade/paternidade, senón durante os diferentes momentos no coidado e a crianza dos fillos/as. Favorecendo a calidade de vida dos pais/nais e a calidade de vida e o desenvolvemento persoal integral dos seus fillos/as.

De aí a necesidade desta terceira área de intervención destinada ao APOIO ÁS FAMILIAS.

Un apoio no que as medidas destinada a fomentar e consolidar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral teñen un espazo central:

- + Porque son as medidas máis solicitadas polos homes e mulleres que teñen fillos/as.
- + E, porque poden ofrecer resultados positivos nun dos ámbitos con maior conexión coas familias: o emprego. O establecemento de medidas que fomenten unha mellor compatibilización da vida persoal, familiar e laboral traerá consecuencias moi positivas no crecemento das familias, a un mercado de traballo máis dinámico e ao desenvolvemento empresarial, o que pode contribuír a arraigar poboación e, polo tanto, ao impulso demográfico.

Neste apoio teñen unha especial consideración a rede de apoio social informal (familia, amigos, veciños/as ...), o apoio que prestan os/as avós/avoas (apoyo afectivo, de dedicación temporal, apoio económico...) e a comunicación interxeracional.

Pero apoiar ás familias significa tamén considerar aos nenos/as como un colectivo prioritario e traballar decididamente para que o seu desenvolvemento persoal integral este garantido. Ámbito no que tamén incide en grande medida esta área de intervención.

Alén de fomentar e consolidar a conciliación laboral da vida persoal, familiar e laboral, faise preciso manter unha estrutura social que contribúa a afianzar a capacidade de flexibilizar esta liña de traballo. Esta pasa, en boa maneira, por fixar poboación ao medio socioeconómico no que tradicionalmente se estableceu, fundamentalmente no rural e nas áreas costeiras non urbanas, que dispuxeron dunha estrutura onde o ámbito laboral e familiar se relacionaba dunha maneira absoluta.

Neste senso, a fixación da poboación máis nova neste espazo pode contribuír a dar continuidade demográfica a estas áreas, evitando a despoboación e fomentando a continuidade dunha estrutura familiar que se apoia no carácter de acollida comunitaria tradicional que sempre se dispuxo na Galicia rural e costeira non urbana.

Os obxectivos estratéxicos que o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 establece na área de intervención 3: APOIO Á FAMILIA, son os seguintes:

Obxectivo estratéxico 1. **Ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.**

Obxectivo estratéxico 2. **Fortalecer, fomentar e apoiar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, das familias en todas as súas modalidades e dos seus membros.**

Obxectivo estratéxico 3. **Favorecer o acceso, cambio ou mellora da vivenda.**

Obxectivo estratéxico 4. **Facilitar o acceso ao transporte e a mobilidade das familias.**

Obxectivo estratéxico 5. **Potenciar o desenvolvemento sociocultural e a calidade de vida dos/as nenos/as, das familias e os seus membros.**

Obxectivo estratéxico 6. **Potenciar o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas como fórmula para o fomento da continuidade demográfica.**

Obxectivo estratéxico 7. **Facilitar a integración social e laboral de persoas inmigrantes e retornadas.**

Presentamos, a continuación, as medidas que se prevén para a consecución destes obxectivos estratéxicos.

Obxectivo estratéxico 1. Ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Medida 1. Creación de novas prazas de centros de atención á infancia: escolas infantís, ludotecas e espazos infantís. E fomento da racionalización de horarios

Descrición

Ampliación da actual rede de centros de atención á infancia, mediante a creación de **novas prazas** en escolas infantís ludotecas e espazos infantís.

Tamén se fomentará a **racionalización de horarios de atención** nesta rede de centros mediante o mellor axuste ás necesidades específicas dos/as usuarios/as.

Por outra parte, fomentárase o estudo da distribución de prazas en centros educativos para adecuala a criterios demográficos e poboacionais coa finalidade de optimizar a cobertura da oferta actual e promover o estímulo demográfico.

Indicadores

- Nº de prazas creadas.
- Horarios axustados.
- Nº de nenos/as atendidos (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Entidades locais

Medida 2. Promoción e diversificación dos servizos de atención á infancia

Descrición

- **Reformulación do “Programa Cheque Infantil”.**

- **Fomento, en cooperación coas entidades locais:**

- Da disposición de **servizos de aloxamento destinados a atender situacións excepcionais ou de emerxencia** para as persoas con fillos/as a cargo. Ofrecendo un servizo adicional ás persoas con fillos/as e aproveitando a dispoñibilidade de instalacións e recursos dispoñibles en cada concello: centros residenciais, albergues, entidades sociais, etc.

- Do estudo da posta en marcha dunha convocatoria de **axudas vinculadas á promoción de centros e recursos innovadores de atención á infancia** por parte de entidades locais e entidades sen ánimo de lucro.

Considerarase o establecemento de recursos innovadores como, por exemplo, os seguintes:

a) Fórmulas de coidado no fogar de cara a promover servizos de atención no fogar por parte de persoas coidadoras, para asegurar unha maior cobertura, fundamentalmente no ámbito rural, e compatibilizar o coidado dos fillos co desenvolvemento de traballo remunerado (Ex.: Casas nido, servizo de axuda a domicilio destinado á poboación infantil, etc).

b) Programas de voluntariado de apoio á infancia que permitan complementar o horario habitual a rede de servizos de atención a infancia (escolas infantís, ludotecas...) con servizos complementarios destinados á atención de imprevistos que poidan xurdirlle á persoa con fillos/as: incidencias no traballo, acompañamento dende o domicilio ao lugar

de recollida do transporte escolar, actividades extraescolares, etc. Estes programas poderanse implementar aproveitando os recursos/instalacións xa existentes e nutrirase de persoal voluntario que será coordinado, en todo momento, por persoal técnico responsable. Cumprirán dúas finalidades principais:

- Complementar os horarios dos centros de atención á infancia.
- Ofrecer experiencia no coidado de nenos/as ás persoas que participan como voluntarias en cada programa. Facilitarase que esta acción voluntaria sexa recoñecida por medio de méritos profesionais e/ou a atribución de créditos formativos.

Indicadores

- Nº de accións desenvolvidas.
- Nº de persoas beneficiadas (H/M).
- Nº de axudas concedidas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Entidades locais
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Medida 3. Promoción e sensibilización para a disposición de zonas de lactancia e outros servizos de atención a nenos/as en empresas

Descrición

Realización de **sesións informativas e de sensibilización** destinadas ao empresariado coa finalidade de promover a apertura, nos seus centros, e posta a disposición das persoas con fillos/as de zonas de lactancia e outros espazos para a atención de necesidades específicas e de carácter puntual (aseo, alimentación...) en relación á atención a nenos/as de 0 a 3 anos.

Indicadores

- Nº de accións divulgativas desenvolvidas.
- Nº de empresarios/as participantes (H/M).
- Nº de iniciativas rexistradas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria

Medida 4. Apoio ao desenvolvemento formativo das persoas con fillos/as

Descrición

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral encamiñase a lograr que as persoas con fillos/as poidan resolver con éxito e de maneira equilibrada as responsabilidades nestes tres ámbitos. Concretamente, esta medida **dirixese a favorecer que os períodos dedicados unicamente á atención dos fillos/as poidan conciliarse co acceso a accións formativas que favorezan a incorporación/reincorporación ao mercado laboral** e, en consecuencia, a futura conciliación entre vida persoal, familiar e laboral.

Esta medida impulsará, entre outras, accións como as seguintes:

- **Axuste dos horarios de formación profesional ocupacional aos horarios escolares e dos servizos de atención á infancia.** Impulsarase a adaptación dos horarios das accións de formación profesional ocupacional aos horarios de entrada e saída dos colexios ou escolas infantís.
- **Incorporación de módulos de formación a distancia** en cursos destinados a persoas des-empregadas, especialmente aqueles nos que o alumnado estea integrado por persoas con fillos/as.

Indicadores

- Nº de axustes horarios aplicados.
- Nº de módulos a distancia promovidos.
- Nº alumnas/os beneficiados/as (H/M).
- Nivel de satisfacción do alumnado

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 5. Sensibilización para a inclusión no eido empresarial de medidas de conciliación e outras iniciativas de apoio ao coidado dos fillos/as

Descrición

Promoción de iniciativas como as seguintes:

- **Programas de sensibilización** sobre: conciliación da vida persoal, familiar e laboral, flexibilidade horaria, corresponsabilidade, horarios racionais, créditos de horas para a atención de asuntos familiares, e outras materias de interese.
- **Creación de sistemas de apoio e acompañamento ás empresas** en cuestións relacionadas coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a aplicación de outras materias mencionadas no punto anterior.

Indicadores

- Nº de accións de sensibilización realizadas.
- Nº de accións de apoio e acompañamento.
- Nivel de axudas concedidas.
- Nº de empresas apoiadas e acompañadas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 6. Recoñecemento e apoio á incorporación en empresas de medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Descrición

Impulso de iniciativas como as seguintes:

- **Accións de recoñecemento** das iniciativas empresariais en favor da conciliación, difusión de casos de éxito e análise do impacto en termos de dinamización demográfica.
- **Impulso e apoio económico** para a incorporación de medidas de Responsabilidade social empresarial, igualdade, flexibilización horaria, a incorporación de espazos infantís e/ou priorización das persoas con fillos/as na elección de horarios e outras decisións no ámbito da empresa. Apoio a aquelas iniciativas empresariais que contemplan a contratación ou garantan o mantemento en plantilla a mulleres embarazadas.
- **Valoración da experiencia e responsabilidades adquiridas polas empresas** en relación á conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos seus/súas traballadores, nos procedementos de concesión de axudas públicas.

Indicadores

- Nº de accións e casos de éxito rexistrados.
- Nivel de axudas concedidas.
- Nº de empresas participantes.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria
- Cámaras de comercio

Medida 7. Impulso da incorporación da conciliación da vida persoal, familiar e laboral aos ámbitos do Diálogo social e a negociación colectiva

Descrición

Asesoramento e impulso da incorporación de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas iniciativas e acordos que se establezan ao abeiro do Diálogo Social e a negociación colectiva, mediante a celebración de **reunións informativas, constitución dunha “Mesa do Tempo” ou a emisión de informes específicos** nesta materia: racionalización horaria, servizos de escola

Indicadores

- Nº de accións promovidas no ámbito do Diálogo Social.
- Nº de accións promovidas no ámbito da negociación colectiva.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Ministerio de Empleo y Seguridad Social
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad
- Dirección Xeral de Función Pública (Consellería de Facenda)
- FEGAMP
- Iniciativa privada
- Entidades de iniciativa social

Medida 8. Propostas para a mellora dos apoios destinados a cubrir necesidades asociadas ao coidado das/os fillas/os, que teñen incidencia no ámbito laboral

Descrición

Elaboración de **informes destinados a analizar as características e o nivel de aplicación dos apoios destinados a cubrir necesidades asociadas ao coidado dos/as fillos/as que teñen incidencia no ámbito laboral (permisos de maternidade/paternidade, excedencias...) que se aplican en Galicia e comparativas con outras comunidades autónomas** e a nivel europeo. **Reunións e remisión de propostas para a mellora destes permisos** destinadas ao departamento con competencias directas nesta materia no Ministerio de Empleo y Seguridad Social aos efectos de instar ao Goberno central a aplicar melloras nesta materia.

Indicadores

- N° de informes
- N° de propostas realizadas.
- N° de reunións celebradas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico
- Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Medida 9. Rede de apoio social

Descrición

Os servizos sociais comunitarios contemplarán:

- A análise permanente de indicadores que permitan identificar e realizar un seguimento das redes de apoio social informal coas que contan as persoas con fillos/as, analizando indicadores relativos a: persoas incluídas na rede de apoio (familiares, veciños, amigos ...) ou a frecuencia de relación coas persoas desta rede de apoio, entre outros.
- A promoción e deseño de iniciativas en relación a estas redes de apoio social e a mobilización destas redes de apoio nos casos en que sexa necesario.
- O impulso de iniciativas como grupos de autoaxuda, voluntariado, bancos de tempo, etc., proporcionando espazos para o desenvolvemento deste tipo de actividades.

Indicadores

- N° de indicadores analizados.
- N° de novas iniciativas deseñadas.
- N° de espazos proporcionados.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Entidades locais
- FEGAMP
- Deputacións provinciais

Medida 10. Apoio ás familias responsables do coidado de persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade que residen no seu fogar

Descrición

Consideración da composición da unidade familiar como complemento ao requisito prioritario das necesidades da propia persoa en situación de dependencia, priorizando aquelas familias que pola súa situación económica se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade.

Apoio que se aplicará mediante:

- A difusión e ampliación, de ser o caso, dos servizos de respiro familiar: programas de estadias temporais en centros residenciais.
- O desenvolvemento de programas de voluntariado específicos nesta materia. Incorporación de contidos especificamente relacionados coa atención e acompañamento a persoas en situación de dependencia aos programas de formación do voluntariado que promove a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- O deseño e desenvolvemento doutros programas de apoio e de proxectos piloto para a implantación de novos servizos.

Indicadores

- Nº de servizos/programas promovidos.
- Nº de prazas.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).
- Nivel de satisfacción das familias.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Entidades locais
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Medida 11. Inclusión de criterios relativos ao tamaño da unidade familiar no acceso a servizos de atención a persoas en situación de dependencia

Descrición

Fomento do mantemento e ampliación dos servizos de atención a persoas en situación de dependencia e, como complemento á valoración das necesidades da propia persoa dependente, inclusión e establecemento de criterios de valoración relativos ao tamaño da unidade familiar nos requisitos de acceso a estes servizos (centros residenciais, centros de día...).

Indicadores

- Nº prazas.
- Novos criterios de valoración.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Medida 12. Oferta de prazas en campamentos de verán para os mozos e mozas galegos

Descrición

Convocatoria da programación de actividades de multiaventura, deportivas, culturais, lecer educativo, etc, enmarcadas dentro da Campaña de Verán da Xunta de Galicia, promovendo a participación dos nenos e nenas en distintos programas de educación non formal durante a época estival e facilitando a conciliación da vida persoal e laboral das familias nestas datas.

Indicadores

- Nº de prazas ofertadas
- Nº de prazas cubertas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Obxectivo estratéxico 2. **Fortalecer, fomentar e apoiar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, das familias en todas as súas modalidades e dos seus membros.**

Medida 1. Protocolo de vixilancia sanitaria en relación a situacións de vulnerabilidade da unidade familiar e valorización do factor “familia” nas terapias de saúde

Descrición

Definición e aplicación dun **protocolo de vixilancia** destinado ao persoal sanitario que permita:

- **Considerar os indicios ou factores de risco en relación a situacións de vulnerabilidade da unidade familiar nas avaliacións clínicas** das/os pacientes.
- **Derivación aos servizos sociais comunitarios** adecuados para cubrir as necesidades persoais e/ou familiares identificadas.

Realización de **sesións informativas** con persoal sanitario para a consideración e incorporación do factor “familia” nas pautas da terapia que se establezan cos/coas pacientes.

Indicadores

- Nº de protocolos formalizados.
- Nº de intervencións rexistradas.
- Nº de profesionais participantes (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Sanidade
- FEGAMP

Medida 2. Servizos de apoio familiar en centros de saúde

Descrición

A finalidade desta medida é **integrar ao factor familia na mellora dos/as pacientes**, para iso:

- Activarase un **protocolo destinado a ofrecer información/formación persoalizada a familiares** de persoas con problemas de saúde, prioritariamente os de tipo crónico, aos efectos de fortalecer o papel dos/as familiares como axente de saúde activo no coidado e o control de enfermidades. Tomando en consideración a participación activa de todas as persoas que integran a familia: pais/nais, fillos/as, avós/as e realizando un seguimento dos resultados obtidos.
- Promoveranse **accións divulgativas para o fomento de hábitos de vida saudables** orientadas a persoas que conviven nun mesmo núcleo familiar, con propostas/ideas que integren a todas as xeracións e cunha linguaxe e formatos accesibles a persoas de diferentes idades.
- Impulsarase a **dotación en centros de saúde de espazos específicos destinados ás comunicacións con familiares**.
- Priorizarase nas consultas a casuística das familias con fillos/as.

Indicadores

- Nº de protocolos activados.
- Nº de accións divulgativas realizadas.
- Nº de espazos habilitados.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Sanidade

Medida 3. Servizos de atención especializados para nenos/as con problemas de saúde ou características especiais

Descrición

- Impulso da formación de profesionais especializados.
- Apoio aos centros/unidades con esta especialización.

Indicadores

- Nº accións formativas desenvolvidas.
- Nº de profesionais especializados (H/M).
- Nº de centros/unidades habilitadas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Sanidade

Medida 4. Programa de detección precoz e prevención de condutas nocivas para a saúde en adolescentes e fomento da vida saudable

Descrición

Celebración de **sesións informativas**, elaboración de **documentos divulgativos e establecemento dun protocolo de intervención e seguimento coordinado** entre os servizos sanitarios, sociais e educativos para a **detección precoz e a prevención de condutas nocivas** para a saúde que poidan afectar especialmente aos/ás adolescentes.

Fornecer a posibilidade de coñecemento e a información das prácticas de vida saudable no entorno rural, con especial atención aos aspectos da alimentación, o desenvolvemento sustentable da produción de alimentos e produtos ecolóxicos, etc

Indicadores

- Nº de accións informativas desenvolvidas.
- Nº de mozos/as participantes (H/M).
- Nº de comunicacións e iniciativas conxuntas rexistradas entre os servizos sanitarios, sociais e educativos.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia da Xunta de Galicia)

Medida 5. Fortalecemento dos servizos de acompañamento e asesoramento nas funcións parentais

Descrición

Fortalecemento dos servizos de acompañamento/asesoramento nas funcións parentais ao longo do ciclo vital dos fillos/as, mediante:

- **Guías informativas sobre cómo afrontar e actuar en situacións de crise:** divorcios, orfandade, etc.

Indicadores

- Nº de intervencións realizadas.
- Nº de familias beneficiarias.
- Nº de reunións desenvolvidas.
- Nº de guías editadas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Medida 6. Incremento da conexión entre o ámbito sociofamiliar e o ámbito educativo

Descrición

Establecemento de reunións conxuntas entre profesionais de orientación educativa e as/os profesionais do ámbito sociofamiliar e elaboración de protocolos conxuntos de actuación ante intervencións puntuais dos/as profesionais do ámbito sociofamiliar en centros educativos, e viceversa, aos efectos de:

- Realizar **análises conxuntas** entre estas/es profesionais.
- Adoptar decisións relativas á evolución educativa e sociofamiliar dos/as nenos/as e realizar derivacións **cara aos servizos adecuados á atención de situacións de conflito ou crise que fosen detectados no ámbito escolar ou no ámbito sociofamiliar.**

Indicadores

- Nº de reunións conxuntas.
- Nº de protocolos establecidos.
- Nº de intervencións desenvolvidas.
- Nº de derivacións realizadas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Medida 7. Reforzo do asesoramento e o apoio á emancipación da xuventude

Descrición

Esta medida comprende:

- O apoio á celebración dun **maior número de accións formativas e informativas sobre emancipación** da xuventude que xa se veñen desenvolvendo dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- E, a **ampliación con outras accións divulgativas e informativas nesta materia que contén coa colaboración de entidades locais e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias en materia de vivenda e/ou emprego.** Accións divulgativas e informativas que xiren en torno aos recursos e opcións para a emancipación da xuventude e que aborden, tamén, o tema da emancipación en termos de evolución demográfica.

Indicadores

- Nº de accións informativas desenvolvidas.
- Nº de mozos/as beneficiarios (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)
- IGVS (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- FEGAMP e entidades locais.

Medida 8. Comunicación e aprendizaxe interxeracional

Descrición

Desenvolvemento de accións para a aprendizaxe e o intercambio de opinións (talleres de aprendizaxe, sesións informativas, charlas ...) destinadas a unha participación interxeracional na que os participantes serán nenos/as, mozas/as e persoas maiores que contarán coa oportunidade de coñecer diferentes puntos de vista en relación a múltiples temáticas.

Estas accións permitirán:

- Unha **maior comunicación e valorización da función que cada xeración cumpre na sociedade actual.**
- Un maior achegamento dos pais/nais e avós/avoas ás tecnoloxías, dispositivos electrónicos ou plataformas de comunicación que utilizan os nenos/as e mozos/as o que permitirá unha **utilización máis conxunta e menos individualizadas destas ferramentas e a redución da brecha dixital.**
- Contribuír a **que as persoas maiores teñan unha vida máis saudable e activa.** Estas accións poderán articularse de maneira independente e específica ao abeiro deste Plan ou encadrarse en accións formativas, informativas ou lúdicas que promoven diferentes departamentos da Administración pública autonómica.

Indicadores

- Nº de accións informativas desenvolvidas.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)
- Outros departamentos e consellerías da Xunta de Galicia.

Medida 9. Desenvolvemento de programas de aprendizaxe e educación non formal para os mozos e mozas galegos.

Descrición

Posta en marcha de programas de actividades que faciliten unha experiencia educativa alternativa e complementaria do currículo escolar, potenciando os elementos de creatividade, culturais, ambientais e de convivencia mediante unha programación que combine a aprendizaxe e o tempo de lecer e que contribúa ao desenvolvemento integral dos mozos e mozas participantes.

Indicadores

- Nº de programas postos en marcha
- Nº de de mozos e mozas participantes

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 10. Fomento dunha educación de calidade relacionada co territorio e a realidade sociolaboral do mesmo

Descrición

Mantemento e consolidación dos niveis de escolarización en ensino obrigatorio atendendo a evolución demográfica de cada territorio, para o que se asegurará a incorporación de programas, proxectos e iniciativas de reforzo e de innovación educativa baixo o fomento de dinámicas cooperativas e traballo en rede.

Impulso ao desenvolvemento dunha oferta formativa diversificada e especializada en ensino postobrigatorio (con especial atención aos ciclos de FP e recurso á modalidade de formación a distancia), asentada na análise sociolaboral de cada territorio.

Introdución de contidos con prácticas educativas nas redes inalámbricas do rural postas en marcha polas distintas entidades locais, de forma que os alumnos/as dos centros escolares poidan realizar actividades extraescolares dende os diversos puntos onde teñan fixada a súa residencia. Nestes contidos, introduciranse de xeito transversal contidos que favorezan a concepción positiva da educación no medio rural, facendo especial fincapé no coñecemento do medio, a lingua galega, o espazo natural e outros.

Indicadores

- Nº de persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Obxectivo estratéxico 3. Favorecer o acceso, cambio ou mellora da vivenda.

Medida 1. Promoción do acceso a vivendas de aluguer

Descrición

Desenvolvemento de reunións e solicitude ás autoridades públicas competentes en materia de vivenda para que se favoreza o acceso a vivendas de calidade na modalidade de aluguer e a prezos económicos por parte de persoas con fillos/s mediante a mobilización das vivendas valeiras pertencentes a particulares e/ou en cooperación con programas específicos das características do programa Aluga ou en modalidades de vivenda protexida.

Establecemento de **criterios prioritarios segundo o nivel de ingresos, número de fillos/as**, etc. Asemade, prestarase especial atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de quebra económica.

Indicadores

- Nº persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- IGVS (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- FEGAMP
- Entidades locais
- Deputacións provinciais
- Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transportes y Vivienda (Ministerio de Fomento)

Medida 2. Apoio ao acceso á vivenda e á rehabilitación

Descrición

Establecemento de reunións e solicitude ás autoridades públicas competentes en materia de vivenda para que se favoreza a adquisición de vivendas e a súa rehabilitación: **favorecendo o acceso a vivendas por parte de persoas con fillos/as, e prestando especial atención aos/ás mozos/as**. En liña coas actuacións que xa promove o IGVS nesta materia e que estableza a futura Lei de Vivenda que actualmente tramita a Xunta de Galicia.

Asemade, prestarase especial atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...) aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social (inmigrantes, vítimas de violencia de xénero ...), e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica. Neste senso, promoverase que sexa obrigatoria a construción de vivendas de protección oficial de ata 120 m², para familias numerosas, no cupo ou porcentaxe que sinala a Administración competente, e que se amplíe a 150 m² o límite para as vivendas de protección oficial destinadas a familias numerosas. Así como, a reserva dun cupo obrigatorio de vivendas de tamaño superior (120 m²) en todas as promocións de vivendas de protección oficial, públicas ou privadas, destinadas a familias numerosas.

Indicadores

- Nº persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- IGVS (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- FEGAMP
- Deputacións provinciais
- Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transportes y Vivienda (Ministerio de Fomento)

Medida 3. Programa de oferta voluntaria de vivenda

Descrición

Posta en marcha dun Programa de Oferta voluntaria de vivenda, de xeito consensuado entre os concellos e a Xunta de Galicia, a fin de ofertar vivendas deshabitadas ou sen uso, a persoas demandantes e familias con poucos recursos económicos.

Indicadores

- Nº de vivendas ofertadas.
- Nº de persoas (H/M)/familias beneficiarias do Programa.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- IGVS (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- FEGAMP

Obxectivo estratéxico 4. **Facilitar o acceso ao transporte e a mobilidade das familias.**

Medida 1. Impulso á rebaixa dos impostos municipais relativos a vehículos

Descrición

Posta en marcha de conversas coas entidades locais aos efectos de aplicar exencións ou bonificacións aos impostos, como o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, relativos aos vehículos das persoas con fillos/as. **Proporase a aplicación de diferentes porcentaxes de bonificación segundo o número de fillos, nivel de renda, etc.** Asemade, prestarase especial atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica.

Por exemplo, o establecemento de bonificacións no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), para as familias numerosas e bonificacións no imposto de matriculación e circulación, similares ao do IVTM. Coa finalidade de apoiar a necesidade das familias numerosas de dispoñer de varios vehículos ou de vehículos con maior capacidade de transporte (monovolumes), facendo fronte a impostos de maior contía en función da potencia dos vehículos.

Indicadores

- Nivel de exencións/bonificacións aplicadas.
- Nº de nais/pais beneficiarias/os.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- FEGAMP e entidades locais

Medida 2. Mellora do acceso ao transporte público

Descrición

Establecemento de conversas coas entidades locais aos efectos de:

- Racionalizar os horarios do transporte público de acordo ás necesidades das familias, pais/nais traballadores/as, nenos/as en idade escolar, ...
- Aplicar exencións ou bonificacións ás tarifas de transporte público, en beneficio das persoas con fillos/as, **aplicando diferentes baremos de desconto segundo o número de fillos/as e o nivel de ingresos económicos.** Asemade:
 - Prestarase especial á atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica.
 - Promoveranse accións específicas relativas á prestación de servizos de transporte público a mulleres embarazadas.

Con esta medida **favorecerase a mobilidade das familias e os seus membros e promoverase unha maior utilización do transporte público.**

Indicadores

- Nivel de exencións/bonificacións aplicadas.
- Nº de persoas beneficiarias/os.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Mobilidade (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- FEGAMP e entidades locais
- Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transportes y Vivienda (Ministerio de Fomento)

Medida 3. Programa de reserva de prazas de aparcamento

Descrición

Impulso dun programa destinado á reserva de prazas de aparcamento en superficie, coa finalidade de **facilitar o desprazamento das persoas con tres ou máis fillos/as nas cidades e vilas.**

Indicadores

- N° de prazas de aparcamento reservadas.
- N° de entidades locais participantes.
- N° de pais/nais beneficiarios/as.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Entidades locais

Medida 4. Cambio evolutivo na publicidade das empresas de automoción

Descrición

Desenvolvemento de reunións informativas con responsables de comunicación de empresas de automoción aos efectos de **incorporar a representatividade de modelos de familia integrados por un maior número de membros nos seus anuncios publicitarios.** Logrando unha sensibilización co crecemento demográfico a niveis similares aos que rexistra a sensibilización coa problemática medioambiental, por exemplo.

Indicadores

- Nivel de reunións informativas.
- N° de iniciativas desenvolvidas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria

Obxectivo estratéxico 5. Potenciar o desenvolvemento sociocultural e a calidade de vida dos/as nenos/as, das familias e os seus membros.

Medida 1. Programa de vacacións interxeracionais

Descrición

Promoción do disfrute de vacacións interxeracionais e fortalecemento dos requisitos de acceso relativos ao número de fillos/as nas actividades de ocio e vacacionais, asemade prestarase especial atención a familias de especial consideración (monoparentais, numerosas ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica:

- Favorecendo a **oferta de promocións especiais para familias**, destinadas a pais/nais, fillos/as e avós/avoas, etc, e difundidas a través de Turgalicia e das oficinas de turismo de Galicia.
- Establecendo **xornadas interxeracionais destinadas ás familias**, aproveitando os recursos e instalacións propios/dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, tales como: residencias de tempo libre, campamentos, albergues, etc.

Indicadores

- Nº de ofertas de turismo interxeracional promovidas.
- Nº de xornadas interxeracionais desenvolvidas.
- Nº de pais/nais beneficiarios/as.
- Nº de avós/avoas beneficiarios/as.
- Nº de nenos/as e mozos/as beneficiarios.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)
- Turgalicia (Secretaría Xeral para o Turismo. Presidencia da Xunta de Galicia)

Medida 2. Programa de sensibilización en TIC's destinado sa persoas con fillos/as

Descrición

Desenvolvemento de accións informativas/formativas para a aprendizaxe e o intercambio de opinións entre persoas con fillos/as en relación ás funcionalidades, vantaxes e riscos da utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación por parte dos fillos/as menores de idade.

Estas accións permitirán un maior achegamento dos pais/nais e avós/avoas ás tecnoloxías, dispositivos electrónicos ou plataformas de comunicación que utilizan os nenos/as e mozos/as o que permitirá a **redución da brecha dixital**.

Integración das TIC no ámbito educativo, a través de iniciativas e programas que supoñan a utilización de material informático e tecnolóxico e de contidos dixitais para usos educativos, pedagóxicos e didácticos. Accións dirixidas aos/ás alumnos/as e pais/nais en centros educativos e con colaboración das ANPAS.

Introdución de contidos con prácticas educativas nas redes inalámbricas do rural postas en marcha polas distintas entidades locais, de forma que os alumnos/as dos centros escolares poidan realizar actividades extraescolares dende os diversos puntos onde teñen fixada a súa residencia. Nestes contidos, introducíranse de xeito transversal contidos que favorezan a concepción positiva da educación no medio rural, facendo especial fincapé no coñecemento do medio, a lingua galega, o espazo natural e outros.

Indicadores

- Nº de accións informativas/formativas desenvolvidas.
- Nº de pais/nais beneficiarios.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Presidencia da Xunta de Galicia)
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Concellos.

Medida 3. Promoción de actividades sobre a transmisión de valores culturais de nais/pais a fillos/as

Descrición

Promoción de actividades de ocio nas que se aborde a **transmisión de valores, costumes e tradicións entre as persoas que integran as familias**. Incidindo na importancia das relacións interxeracionais.

Indicadores

- No de actividades promovidas.
- No de persoas participantes (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria

Medida 4. Bonos/descontos para o acceso a actividades culturais

Descrición

Posta en marcha de conversas coas entidades culturais e entidades locais aos efectos de aplicar exencións ou bonificacións ás tarifas de acceso a actividades culturais, en beneficio das persoas con fillos/as, aplicando diferentes baremos de desconto segundo o número de fillos/as e o nivel de ingresos económicos. Asemade, prestarase especial atención a familias de especial consideración (numerosas, monoparentais ...), aquelas familias en conflito ou en risco de exclusión social e a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade ou quebra económica.

Con esta medida **enriquecerase a vida social das persoas con fillos/as e paliaranse, en certa medida, os custos derivados da atención dos fillos/as mentres se acode a actividades culturais**.

Indicadores

- Nivel de descontos/bonificacións aplicadas.
- Nº de pais/nais beneficiarios/as.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria
- FEGAMP e entidades locais

Medida 5. Fomento da existencia de servizos de atención á infancia en centros culturais e de ocio: sensibilización e convenios con empresas

Descrición

Sensibilización ás entidades e empresas dedicadas á promoción de actividades culturais e de ocio sobre **a importancia de dotar as súas producións con servizos de atención á infancia, como garantía dun maior acceso das persoas con fillos/as**. Esta medida comprenderá tamén a sinatura de convenios con estas entidades e empresas para favorecer iniciativas e experiencias nesta materia.

Indicadores

- Nº de servizos creados.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Entidades locais

Medida 6. Programación de actividades culturais e de ocio conxuntamente destinadas a todos os membros da unidade familiar

Descrición

Aumento da presenza de actividades destinadas a pais/nais e fillos/as nas programacións culturais, de maneira que **sexan actividades que potencien o valor e os vínculos interxeracionais e incrementando o acceso das persoas con fillos/as a actividades culturais e de ocio e favorezan a creación de espazos lúdicos interxeracionais**.

Fomento do coñecemento e utilización das redes sociais como soporte comunicativo para favorecer o coñecemento e experiencias entre o tecido asociativo no ámbito rural.

Permite fomentar a socialización dos distintos tramos de idade residentes no rural, así como enriquecer o coñecemento e intercambio de experiencias entre distintos colectivos ou núcleos de poboación.

Potenciación de programas culturais e formativos conducentes ao aumento da oferta de espazos e actividades dedicadas ao ocio e lecer no medio rural.

Impulso aos programas de posta en valor de patrimonio material e inmaterial do rural galego con especial atención ao medio natural, patrimonio artístico, lingua ou etnografía.

Incremento dos esforzos por fomentar o coñecemento do entorno natural e etnográfico, asociado a valores positivos como é a mellora da calidade de vida da cidadanía no medio rural.

Indicadores

- Nº de actividades programadas.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Traballo e Benestar
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria
- Entidades locais

Medida 7. Escola Galega de Prevención do ISSGA

Descrición

Actuacións de formación e difusión en prevención de riscos, no marco da Escola galega de prevención dirixida á poboación escolar na que se da atención formativa e consulta de materiais, servizo de información, e diversas actividades co apoio de material didáctico. A Escola de Prevención de Riscos Laborais pretende ser un espazo físico onde se dá resposta á necesidade formativa de docentes, educadores, escolares e da cidadanía galega en xeral no ámbito da prevención. A información estrutúrase en catro grandes bloques temáticos: na casa, na rúa, na escola e no fogar, que son os ámbitos onde se desenvolven as actividades cotiás dos rapaces.

Indicadores

- N° de visitas á Escola
- N° de nenos que visitan a Escola
- N° de accións formativas e de promoción de prevención de riscos dirixidas a nenos
- N° de nenos beneficiarios das accións formativas e de promoción da prevención

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 8. Programación de actividades formativas en prevención de riscos laborais dirixidas á xuventude

Descrición

Actividades de formación e difusión en prevención de riscos laborais para mozos e mozas.

- Cursos básicos de prevención de riscos laborais, que se corresponden cos establecidos no Regulamento dos Servizos de Prevención (Real Decreto 39/1997, de 17 do xaneiro). Entre outros, desenvolveranse edicións dirixidas a monitores de actividades de tempo libre.
- Outras accións formativas de prevención de riscos laborais: cursos, xornadas técnicas e talleres ligados ao ámbito educativo, dirixidos principalmente a estudantes universitarios, de formación profesional ou bacharelato.

Indicadores

- N° de cursos básicos impartidos
- N° de outras accións formativas impartidas
- N° de beneficiarios das accións

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

· Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Consellería de Traballo e Benestar)

Obxectivo estratéxico 6. Potenciar o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas como fórmula para o fomento da continuidade demográfica.

Medida 1. Fomento do acceso dos mozos e mozas á actividade agrogandeira e marítimo – pesqueira

Descrición

A fixación de poboación pasa, en boa maneira, por conseguir atopar un futuro laboral na área de residencia. Para tal fin defínense as seguintes medidas:

- a) De acceso á titularidade empresarial agrogandeira e marítimo-pesqueira
 - Programas de axudas para o apoio económico para a incorporación de mozos e mozas ás actividades agrogandeiras mediante a adquisición de explotacións.
 - Programas de axudas para o apoio económico para a incorporación e mantemento de mozos e mozas na actividade marítimo – pesqueira mediante a adquisición de embarcacións.
 - Programas de apoio para a facilitación e asesoramento da transmisión da titularidade de explotacións e embarcacións no seo familiar.
- b) De formación e capacitación:
 - Realización de cursos de formación en materias de aplicación práctica e capacitación mínima para o desenvolvemento da actividade (cursos de mariñeiro-pescador, formación básica de embarque, recolector de recursos específicos, manexo de produtos fitosanitarios e zosanitarios, manexo de maquinaria, etcétera.).
 - Mellora e desenvolvemento da formación profesional regrada nas ramas agraria forestal e marítimo-pesqueira.
- c) Medidas de ampliación da capacidade de acollida laboral:
 - Ampliación dos espazos destinados ao marisqueo e das instalacións ou ampliacións de novas plantas de produción acuícola e tamén de transformación e comercialización.
 - Ampliación e mellora dos espazos destinados a labores agrogandeiras e forestais, instalacións ou ampliación do número ou tamaño de novas plantas de produción agrogandeira e forestal e tamén de transformación e comercialización.

Indicadores

- Nº de programas e accións desenvolvidas segundo a tipoloxía.
- Nº de mozos e mozas beneficiarios.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería do Medio Rural e do Mar
- Consellería de Facenda
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Medida 2. Fomento das capacidades competitivas dos eidos agrogandeiros e marítimo-pesqueiros

Descrición

Ademais de incorporar xente moza á estrutura produtiva do sector primario, é necesario e débese dotar a esta dunha competitividade comercial para os seus produtos, como forma esencial de sustentabilidade e viabilidade. Neste senso, promoveráanse os seguintes tipos de medidas:

a) De fomento da competitividade comercial:

- Fomento das medidas de diferenciación e identificación dos nosos produtos.
- Fomento da internacionalización das vendas.
- Promoción comercial dos valores de calidade dos produtos agrogandeiros e marítimo-pesqueiros.

b) Medidas de fomento de mellora das estruturas produtiva, destinadas a avanzar na consecución dunha incorporación de medios mecánicos e tecnolóxicos que permitan a mellora da fórmula de produción e minoración da aplicación de medios humanos, acadando, consecuentemente, unha flexibilización da relación entre a vida laboral, persoal e familiar dos mozos e mozas incorporados ao rural.

Indicadores

- Nº de accións promovidas.
- Resultados rexistrados: produtos e cantidades certificadas baixo figuras de protección comercial; cantidade e número de produtos exportados; axudas promovidas, etc.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M)

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería do Medio Rural e do Mar
- Consellería de Economía e Industria
- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Medida 3. Contribución e fomento da diversificación económica dos ámbitos rurais e costeiros non urbanos.

Descrición

A diversificación e complementación económica, sobre a base da estrutura produtiva primaria no rural e nas áreas costeiras non urbanas, poderá achegar unha mellora socioeconómica que faga avanzar as condicións de vida nestas zonas e a súa capacidade de acollida. Isto poderá fundamentar unha renovación demográfica.

Neste sentido, a aplicación e desenvolvemento da diversificación e complementariedade destas actividades produtivas poderá facilitar a incorporación laboral de persoas novas, existindo, asemade, unha vinculación de novas actividades coas máis tradicionais. As medidas que se van a adoptar son as seguintes:

- Desenvolvemento de programas de apoio a proxectos diversificadores da estrutura produtiva, así como daqueles que fomenten a chegada de servizos básicos á poboación rural e a conservación e riqueza do patrimonio rural.
- Desenvolvemento de programas que apoiem proxectos diversificadores da estrutura produtiva, así como daqueles que acheguen novos servizos básicos a zonas costeiras non urbanas, así como a conservación do seu patrimonio.

Indicadores

- Nº de proxectos apoiados de diversificación e promoción de servizos no rural e nas zonas costeiras non urbanas.
- Nº de empregos promovidos a través destes proxectos.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería do Medio Rural e do Mar

Medida 4. Fomento da conciliación da vida laboral, persoal e familiar nos eidos agro - gandeiro e marítimo – pesqueiro

Descrición

Aínda que a conciliación da vida laboral e familiar semella ser máis fácil no mundo rural que no urbano, entendemos que esta aínda se pode mellorar con medidas específicas en cada ámbito. As medidas a adoptar son as seguintes:

- Mellora da flexibilización horaria e disposición de tempo libre no eido agrogandeiro.
- Posta en marcha de accións de flexibilización mediante a integración da discriminación positiva e adecuación de dereitos por paternidade/maternidade (especialmente naquelas profesións e actividades nas que se dá unha presenza feminina maioritaria, por exemplo o marisqueo a pé).

Indicadores

- Nº de permisos de paternidade / maternidade aos que se acollen mariscadores, pescadores, gandeiros, etcétera
- Nº de explotacións acollidas ao sistema de apoio a libranza das explotacións.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería do Medio Rural e do Mar
- Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Obxectivo estratéxico 7. **Facilitar a integración social e laboral de persoas inmigrantes e retornadas.**

Medida 1. Fomento do coñecemento da sociedade de acollida como garantía de inserción social

Descrición

Promoveranse accións que faciliten o acceso aos servizos públicos de carácter xeral e garantan a normalización de Galicia: cursos de idiomas galego e castelán; servizos de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral; información para a derivación aos servizos públicos de carácter xeral, etc.

Indicadores

- Nº de cursos e accións de información desenvolvidas.
- Nº de persoas beneficiarias (H/M; tramos de idade; nacionalidade).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia da Xunta de Galicia)

Medida 2. Maior potenciación dos dispositivos de acollida para evitar a exclusión social das persoas inmigrantes e retornadas en situación de especial vulnerabilidade

Descrición

Desenvolveranse medidas que faciliten o aloxamento e a manutención en pisos de acollida dirixidas ás persoas inmigrantes e retornadas en situación de especial vulnerabilidade: programas que se desenvolven en colaboración con entidades de iniciativa social nos que se ofertan prazas de acollida temporal, manutención e aloxamento, así como outros gastos derivados da súa situación de necesidades; outros programas de acollida (asesoramento...).

Indicadores

- Nº de prazas de acollida.
- Nº de derivacións aos servizos públicos (% sobre o total de persoas atendidas)
- Nº persoas beneficiarias (H/M; tramos de idade; nacionalidade).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia da Xunta de Galicia)
- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 3. Impulso da formación laboral nos países de orixe axeitada ás demandas do mercado laboral galego

Descrición

Promoveranse:

- Accións que faciliten a información sobre as necesidades do mercado laboral galego: acceso aos portais de emprego en Galicia, accións de información e asesoramento nas ocupacións máis demandadas polo mercado laboral galego, etc.
- Accións de formación laboral no exterior: presencial ou mediante teleformación.
- Medidas que faciliten a implantación de proxectos empresariais en Galicia das persoas galegas emigradas.
- Programas de información sobre o autoemprego no exterior que permitan determinar a viabilidade da idea empresarial en Galicia antes de retornar.

Indicadores

- N° de información, formación e asesoramento desenvolvidas.
- N° de persoas beneficiarias (H/M; tramos de idade; nacionalidade).

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral da Emigración

Medida 4. Apoio aos programas de acceso, mantemento e promoción do emprego en Galicia

Descrición

Promoveranse:

- Reforzo da participación de persoas inmigrantes e retornadas nas políticas activas de emprego.
- Fomento entre a poboación inmigrante e retornada da iniciativa empresarial e o traballo por conta propia ou traballo asociado (autoemprego, economía social...).
- Apoio a programas de conciliación da vida familiar e laboral.

Indicadores

- Tipoloxía dos dispositivos e/ou das accións realizadas.
- N° de persoas beneficiarias (H/M; tramos de idade;

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Secretaría Xeral da Emigración
- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)

Área de intervención 4. *Coordinación interdepartamental e transversalidade*

Esta área de intervención ten como foco a garantía de que os obxectivos e as medidas do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 son suficientemente coñecidos, que o crecemento demográfico se incorpora de maneira transversal ao conxunto de políticas impulsadas dende Galicia e que se promoven estratexias de cooperación conxunta entre a Administración autonómica, as administracións locais e a sociedade civil aos efectos de promover accións relativas ás medidas nel recollidas. Neste eido tense en conta tamén o papel que presenta o territorio, como axente activo de fomento de calidade de vida e que contribúe a fixar poboación e actividade económica.

Esta cuarta área de intervención, pretende converter ao crecemento demográfico nunha prioridade política e social. Con esta perspectiva, vai comprender a planificación dun conxunto de medidas en torno aos seguintes obxectivos estratéxicos:

Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.**

Obxectivo estratéxico 2. **Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares, que fagan posible a transversalidade do obxectivo de rexeneración demográfica a todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia.**

Obxectivo estratéxico 3. **Impulsar o Modelo Territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento socioeconómico.**

As medidas que comprende a área de intervención 4, COORDINACIÓN INTER-DEPARTAMENTAL E TRANSVERSALIDADE, para o cumprimento de cada un dos seus obxectivos estratéxicos, son as que se presentan a continuación.

Obxectivo estratéxico 1. **Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.**

Medida 1. Promoción do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, a través da participación en foros ou congresos especializados

Descrición

Prestación dunha **atención permanente a aqueles foros ou congresos que se celebren a nivel autonómico, estatal ou europeo especializados no ámbito da dinamización demográfica, coa finalidade de levar a estes espazos de difusión os obxectivos e liñas estratéxicas do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.**

Indicadores

- Tipoloxía dos dispositivos e/ou das accións realizadas.
- N° de foros ou congresos nos que será representado o Plan.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia da Xunta de Galicia)
- Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico
- Parlamento de Galicia

Obxectivo estratéxico 2. **Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares, que fagan posible a transversalidade do obxectivo de rexeneración demográfica a todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia.**

Medida 1. Fomentar a actuación conxunta con diferentes administracións públicas

Descrición

Promoción da sinatura de **convenios e/ou a promoción conxunta de accións con diferentes administracións públicas que teñan por obxecto a promoción de accións** que permitan a consecución dos obxectivos e liñas estratéxicas do Plan. Prestando especial atención ás iniciativas que contribúan á fixación de poboación no territorio, tomando en consideración factores como a dispersión territorial, o envellecemento poboacional ou o desequilibrio territorial.

Indicadores

- N° de reunións.
- N° de protocolos de coordinación.
- N° de convenios asinados.
- N° de iniciativas conxuntas promovidas.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico
- Parlamento de Galicia
- FEGAMP
- Deputacións provinciais

Medida 2. Establecimiento de indicadores e sistemas de valoración relativos a variables sociofamiliares destinados aos procedementos e convocatorias de axudas que publiquen as administracións públicas

Descrición

Definición de **modelos de baremación que serán distribuídos aos departamentos da administración pública autonómica, e facilitados a título informativo tamén a outras administracións de ámbito local**, nos que se recollan os **criterios que permitirán valorar a promoción do crecemento demográfico**- por exemplo, valoración dos cadros directivos ou cadros de persoal con maior media de fillos/as- ou a **aplicación de medidas de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral por parte das entidades que concorran ás convocatorias públicas**.

Aplicables tamén para as convocatorias de axudas autonómicas destinadas a entidades locais.

Indicadores

- Nº de indicadores.
- Nº de modelos de baremación definidos.
- Nº e tipoloxía dos criterios de valoración definidos.
- Nº de convocatorias públicas nos que se aplicaron estes sistemas de valoración.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico
- Outros departamentos e Consellerías da Xunta de Galicia.
- FEGAMP
- Deputacións provinciais

Medida 3. Avaliación do impacto demográfico na actuación das administracións públicas

Descrición

Creación dun protocolo de avaliación do impacto demográfico destinado ao conxunto de departamentos da administración pública autonómica e que contará tamén coa colaboración da administración pública local destinado a considerar e avaliar o impacto demográfico en cada unha das iniciativas que se promovan dende as administracións públicas, especialmente de aquelas políticas públicas que afecten ás familias: sociais, educativas, de vivenda, laborais, etc.

O protocolo de avaliación contará coas seguintes características básicas:

- Definición dos **ítems básicos de avaliación do impacto demográfico**.

Será un documento xenérico que acompañará ao protocolo de avaliación. Serán ítems básicos, por exemplo: No de homes/mulleres con fillos/as participantes/destinatarios desa actividade, Medidas de conciliación previstas, etc.

- **Presentación do protocolo de avaliación aos departamentos da administración pública**.

Será un procedemento de maior obrigatoriedade inicialmente nos departamentos da administración pública autonómica e sumarase tamén a colaboración da administración pública local, especialmente en relación a medidas/plans/accións que reciban financiamento público autonómico.

- **Ficha de previsión do impacto demográfico e/ou Informe de impacto familiar relativa a cada medida/plan/acción/decisión**.

Acompañará ás solicitudes ou presentacións de cada medida/plan/acción que promovan as administracións públicas e recollerá as previsións que esa actividade presenta en relación ao impacto demográfico e/ou familiar, en virtude dos ítems básicos definidos anteriormente.

- Ficha de avaliación do impacto demográfico e/ou Informe de avaliación do impacto familiar relativo a cada medida/plan/acción/decisión.

Recollerá os resultados acadados en relación ao impacto demográfico e/ou familiar previsto.

- Elaboración de informes de resultados.

Indicadores

- Nº de departamentos colaboradores.
- Grao de consecución dos ítems.
- Nº de informes elaborados.

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Comisión interdisciplinar para o impulso e o seguimento do crecemento demográfico
- Outros departamentos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Medida 4. Desenvolvemento do Plan Xuventude 2013, Unha estratexia para a mocidade galega

Descrición

Impulso da coordinación na posta en marcha e desenvolvemento das actuacións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia en materia de xuventude, incluíndo as accións previstas no Plan que contribuirán á fixación da poboación no territorio na medida en que se orientan á creación de máis oportunidades para a mocidade galega.

Indicadores

- Nº de accións desenvolvidas
- Nº de beneficiarios

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar)
- Comisión interdepartamental de Xuventude
- Departamentos sectoriais da Xunta de Galicia
- FEGAMP

Obxectivo estratéxico 3. Impulsar o Modelo Territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento socioeconómico.

Medida 1. Fomento da actuación conxunta con diferentes administracións no impulso do Modelo territorial definido nas DOT: acción integral de desenvolvemento económico.

Descrición

Impulso integral do conxunto de políticas públicas de carácter territorial que teñan como ámbito competencial Galicia cara a consolidación do Modelo Territorial (MT) definido nas Directrices de Ordenación do Territorio.

Dito MT plantéxase como obxectivo direccional ó conxunto de accións públicas e iniciativas privadas cara un MT que favoreza un desenvolvemento integral do territorio en base as súas potencialidades e recursos.

A implementación de servizos públicos e de atención cidadá, xunto á de infraestruturas con capacidade estruturante e de apoio á creación de emprego, confirma un MT conformado por un sistema de asentamentos estruturado desde as Rexións Urbanas-Metropolitanas ata os núcleos rurais.

A progresiva concreción do MT de Galicia a través do desenvolvemento dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo configurará un sistema de asentamentos en rede no que as Rexións Urbanas-Metropolitanas desenvolvan as súas funcións con máis eficiencia e sostenibilidade, a fin de converterse nos principais focos de creación de emprego, de coñecemento, de innovación e de actividade social.

Os restantes elementos pertencentes ó Sistema Urbano Intermedio e ós Nodos de Equilibrio do Territorio, deben ser referentes para a concentración nas áreas rurais de servizos á cidadanía, infraestruturas de fomento de emprego, de intercambio de transporte, etc., coa finalidade de difundir nas súas áreas de influencia impulsos de benestar e calidade de vida fundamentais para o mantemento de poboación no entorno.

No conxunto de espazos rurais débese xerar un acondicionamento territorial e de servizos públicos capaz de ofertar ós residentes uns mínimos estándares de calidade de vida. Isto debe conxugarse cunha base territorial que permita e fomente o mantemento da actividade primaria e a promoción de actividades de diversificación económica posibles a redución da despoboación do ámbito rural, tal e como se propón no MT de Galicia proposto.

Nos ámbitos rurais hai que considerar que a cohesión social e a calidade de vida deben supoñer a busca dunhas condicións diferentes ás que se aspira acadar nos ámbitos máis urbanos, polas características propias e claramente diferentes do territorio que as soporta. É por iso que a ordenación territorial establecida pretende fomentar a identificación e o aproveitamento destas especificidades, vantaxes e inconvenientes dos distintos territorios e propón romper coa tradicional dicotomía rural-urbano, pasando dunha lóxica de competencia a unha lóxica de complementariedade, de aproveitamento das sinerxías.

Indicadores

- Cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT fixados Indicadores de desenvolvemento e implantación
- Cumprimento dos Indicadores de sostibilidade territorial

Entidades promotoras e/ou colaboradoras

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

3

SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

En tanto en canto constitúe unha ferramenta imprescindible para coñecer os progresos acadados en termos de execución das medidas previstas no Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, nivel de cumprimento do Plan e grao de consecución dos obxectivos previstos para o mesmo o sistema de seguimento e avaliación do Plan merece tratamento específico.

Neste sentido, é importante sinalar que á hora de falar do sistema de seguimento e avaliación se están a considerar de xeito individual, aínda que integradas nunha mesma unidade de acción, as seguintes liñas de traballo:

- + O seguimento do Plan, vinculado directamente ao grao de execución das actividades previstas e á análise permanente das actividades que se estean a realizar.
- + A avaliación do Plan, que fai referencia directa ao grao de cumprimento e á medida da efectividade das medidas desenvolvidas de cara a avanzar na consecución dos obxectivos definidos para o Plan.

Tomando en consideración esta dobre vertente pódense sinalar como obxectivos básicos do sistema de seguimento e avaliación do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 os seguintes:

- + Coñecer e avaliar o grao de execución das actuacións previstas, prestando especial atención ao sistema de indicadores definidos en cada unha delas, así como aos recursos económicos dedicados, entidades implicadas na súa execución e ao seu nivel de calidade.
- + Coñecer e valorar a efectividade das medidas previstas en termos de resultados acadados, dende unha perspectiva cualitativa e cuantitativa, e o grao de cumprimento dos obxectivos previstos.
- + Promover a identificación e incorporación de accións de mellora mediante a recollida de información que facilite o proceso de toma de decisións.
- + Facilitar ferramentas que permitan realizar unha análise prospectiva sobre o tipo e forma das intervencións futuras.

Coa finalidade de acadar os obxectivos previstos o sistema de seguimento e avaliación do plan basearase en 3 tres instrumentos esenciais:

- + A constitución dun grupo coordinador do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, encabezado pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, que se encargará de planificar, impulsar e desenvolver as accións de seguimento e avaliación do Plan.
- + A execución do seguinte plan de traballo:

Fase	Actuacións	Calendario
Seguimento e avaliación de proceso	<ul style="list-style-type: none"> - Recompilación de fichas de seguimento. - Tratamento de información. - Elaboración de informe. - Toma de decisións de mellora. - Axuste do calendario de seguimento e avaliación. 	- Mes 12: primeiro informe anual de seguimento e avaliación. Presentación pública de resultados e impactos.
Seguimento e avaliación de resultados		- Mes 24: segundo informe anual de seguimento e avaliación. Presentación pública de resultados e impactos. - Mes 36: terceiro informe anual de seguimento e avaliación. Presentación pública de resultados e impactos. - Mes 48: informe final de seguimento e avaliación. Presentación pública de resultados e impactos.

- O emprego dunha ficha común para o seguimento e avaliación de actividades, de acordo ao modelo xeral que se recolle a continuación:

Entidade/Departamento
Persoa que cubre a ficha
Data na que se cubre a ficha
Sinatura:

Área de intervención <small>(Sinlar cun "X" a área de intervención á que se refire a información facilitada nesta ficha)</small>	1. Sensibilización para a dinamización demográfica	2. Impulso socioeconómico á maternidade/paternidade	3. Apoio ás familias	4. Coordinación interdepartamental e transversalidade		
Obxectivo Estratéxico	Nº	Enunciado				
Medida	Nº	Denominación				
Actuación á que se refire a información <small>(Denominación)</small>						
Obxectivos específicos da actuación				Nivel de cumprimento		
				Alto	Medio	Baixo
	Obxectivo					
	Obxectivo					
Obxectivo						
Departamentos/ Entidades colaboradoras <small>(Relación detallada)</small>						
Entidades beneficiarias <small>(Relación detallada)</small>						
Persoas beneficiarias	Nº total	Nº de mulleres	Nº de homes			
Lugar no que se desenvolveu a actuación	Localidade	Provincia				
Data de realización da actuación	Día/s	Mes	Ano			
Recursos económicos dedicados (Contía en €)						
Control de indicadores previstos	Indicador		Resultado/s			
Outros resultados						
Fonte/s de datos <small>(follas de rexistro de actividade, análise documental, enquisas de satisfacción realizadas ...)</small>						
Documentación anexa que se adxunta <small>(se é o caso)</small>						

ANEXOS

Anexo 1.

Departamentos administrativos e entidades de referencia

O Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, ten que ser un plan para todos os galegos e as galegas. Un Plan que ten que mostrarse como un documento vivo e integrador, susceptible de incorporar as achegas de todos os axentes sociais que dan forma ao corpo da sociedade galega.

En relación a isto, é importante sinalar que a planificación e redacción do Plan incorporou a perspectiva e as achegas de entidades e organizacións que, durante a fase de planificación e redacción, promoveron iniciativas e manifestaron opinións en relación ao problema demográfico, que afecta especialmente a Galicia.

Amais disto, a planificación das diferentes medidas de actuación que integran o Plan só poderá facerse efectiva integrando as competencias e a experiencia de entidades de referencia para o desenvolvemento destas medidas que son indicadas, nomeadamente, como ENTIDADES PROMOTORAS E/OU COLABORADORAS para cada unha das medidas.

En termos xerais, son ENTIDADES PROMOTORAS E/OU COLABORADORAS do Plan, amais da propia Dirección Xeral de Familia e Inclusión (Consellería de Traballo e Benestar):

- CONSELLERÍAS E DEPARTAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA.
- ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ORGANISMOS DEPENDENTES NOS DISTINTOS NIVEIS TERRITORIAIS (ESTATAL, AUTONÓMICA E LOCAL).
- ENTIDADES DE REFERENCIA EN RELACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DE ESTUDOS/ESTATÍSTICAS/INICIATIVAS EN MATERIA DEMOGRÁFICA E SOCIAL.
- ENTIDADES REPRESENTATIVAS DOS INTERESES DO COLECTIVO FORMADO, ESPECIALMENTE, POLAS PERSOAS QUE SON PAIS/NAIS E OS MOZOS/AS.

Anexo 2.

Referencias normativas e documentais

Galicia

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Lei 10/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo de 2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Plan integral de apoio á muller embarazada 2012- 2014.
- Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.
- Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015.
- IV Plan integral de apoio á familias galegas 2008-2011.

España

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.
- Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- Código Civil de 1889.

Europa

- Directiva 2010/18/EU que implementa o Acordo marco revisado de permisos de maternidade/paternidade.
- Directiva 92/85/EEC sobre a introdución de medidas para favorecer melloras na seguridade e saúde no traballo de mulleres embarazadas, traballadoras que deron a luz recentemente ou que están en período de lactación.

- Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre o papel da política familiar no cambio demográfico: compartir as mellores prácticas entre os Estados membros (4 de maio de 2011).
- Conclusións do Consello da Unión Europea e dos representantes dos gobernos dos Estados membros en relación á actuación ante os retos demográficos: cooperación institucional dos Estados membros en asuntos demográficos e conciliación do traballo e da vida familiar. Por unha compatibilidade da vida laboral e familiar (3 de outubro de 2011).